## REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

**Acta número 39, de 22 xullo de 2022**

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado.

A sesión realízase presencialmente.

DATA: 22 de xullo de 2022

HORA DE COMEZO: 12:30 h.
HORA DE REMATE: 13: 50 h.

**ASISTENTES**
Barreira Cerqueiras, Eva María (PDI)
Caldeiro Pedreira, Mº Carmen (PDI)
López Gómez, Santiago (PDI)
López Rúa, Paula (PDI)
Muñoz Carril, Pablo César (PDI)
Otero Urtaza, Eugenio Manuel (PDI)
Poncet Souto, Marta Mª (PDI)
Romero Castro, María José (PDI)
Sarceda Gorgoso María Carmen (PDI)

**XUSTIFICA AUSENCIA**
Ana María Brao Viña (PAS)

**Orde do día**:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (achéganse as actas).
2. Informe das Coordinacións de Título do Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria sobre a marcha do curso 2021-2022: Análise, reflexión e acordos a tomar (achéganse os informes).
3. Informe de execución do Plan FORTE no curso 2021-2022: Análise e reflexión da eficacia do Plan e, acordos a tomar (achéganse os informes).
4. Valoración do proceso de renovación de acreditación dos títulos de grao e do informe oral preliminar.
5. Rolda aberta de intervencións.

### 1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

Sométese a aprobación a acta número 37. Ao non haber alegacións, queda aprobada por asentimento.

Sométese a aprobación a acta número 38. Ao non haber alegacións, queda aprobada por asentimento.

2. **Informe das Coordinacións de Título do Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria sobre a marcha do curso 2021-2022: Análise, reflexión e acordos a tomar**

A presidenta cédelle a palabra ao coordinador do Título do Grao en Mestra/e de Educación infantil.

O profesor Pablo Muñoz Carril solicita que o informe completo conste como anexo á acta. O coordinador expón e reflexiona sobre os datos máis salientables do informe, sobre todo os referidos aos resultados das enquisas de coordinación do Título de Infantil.

A presidenta agradécelle a intervención e pásalle a palabra á coordinadora do Título do Grao en Mestre/a de Educación Primaria e Dobre Grao.

A profesora Paula López Rúa solicita que o informe completo conste como anexo á acta. A coordinadora expón e reflexiona sobre os datos máis relevantes do informe, sobre todo os referidos aos resultados das enquisas de coordinación do Título de Primaria e Dobre Grao.

A presidenta abre unha rolda de intervencións. Interveñen varios membros da Comisión para debater sobre os ditos informes.

A Comisión acorda:

Continuar coas actividades transversais que se están a facer na Facultade e buscar de incrementar o número. Neste sentido e comprobadas as dificultades do alumnado para organizarse, propónse abrir o próximo curso unha acción de mellora de carácter transversal co obxectivo de ensinar ao estudantado, a se planificar. Para isto sevai contactar co Servizo de Orientación Universitaria da USC e, de non ser factible por este medio, dende a Facultade se xestionará a participación dalgún especialista que poida orientar ao alumnado sobre esta cuestión.

Continuar a empregar a nova ficha para a revisión dos programas, comprobada a súa eficacia. Acórdase pechar esta acción de mellora o próximo curso 2022-2023 e, protocolizala.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

Continuar a empregar o calendario de carga de traballos, comprobada a súa utilidade. A dita ferramenta, en forma de calendarios, púxose a disposición do profesorado de cada curso e Título para que incorporaran as datas de probas, presentacións ou entregas de traballos nas súas materias. Acórdase pechar esta acción de mellora o próximo curso 2022-2023 e, protocolizala.

3. **Informe de execución do Plan FORTE no curso 2021-2022: Análise e reflexión da eficacia do Plan e, acordos a tomar**

A presidenta cédelle a palabra á profesora Paula López Rúa.

A coordinadora de Título solicita que conste como anexo á acta o Informe completo de execución do Plan Forte.

A coordinadora do Título de Primaria e Dobre Grao aporta os datos sobre o informe do Plan Forte desenvolvido no curso 2021-22, e expón as actividades realizadas con relación ás diferentes liñas do Plan, que abrangue aos Graos de Primaria e Infantil e tamén ao Dobre Grao, en tanto que o dito alumnado cursa as dúas titulacións.

No informe proporciónanse datos sobre a posta en marcha desas actividades que xustifican a súa continuidade en vindeiros cursos ou a organización de actividades similares, tendo en conta por exemplo: o interese da actividade para a formación do estudantado, os datos de participación na mesma, a resposta /acollida da actividade por parte do estudantado, os datos das enquisas de satisfacción coa actividade (de habelas), as incidencias detectadas, etc.

Analizadas no seu conxunto as liñas do Plan por parte dos membros da Comisión de Calidade, e revisada a eficacia das diversas actividades que o compoñen, a Comisión de Calidade acorda continuar co Plan FORTE-FFP para o curso 2022-23. A Comisión acorda continuar desenvolvendo as liñas do Plan coas mesmas actividades ou outras de similar natureza coas actualizacións e axustes pertinentes, así como facer un seguimento dos posibles cambios nas condicións de desenvolvemento do Programa de Alumnado Titor da USC para valorar se dita actividade continúa ou non, formando parte do Plan FORTE.

A profesora Paula López Rúa fala da posibilidade de estender o Plan Forte aos mestrados. Os membros da Comisión concordan coa proposta e acórdase estudalo.

A Comisión acorda presentar o Plan Forte da FFP á próxima convocatoria de Boas Prácticas que convoca a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC.

4. **Valoración do proceso de renovación de acreditación dos títulos de grao e do informe oral preliminar**

A presidenta da Comisión e o coordinador do Título de Infantil trasladan a súa percepción, en xeral positiva, do informe oral preliminar de Infantil.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

No tocante ao informe do Título de Primaria, a presidenta traslada a súa visión, non demasiado positiva, do informe oral preliminar e cre que algunhas consideracións negativas que fixeron os avaliadores non se corresponden co que ocorre na Facultade de Formación do Profesorado de Lugo e agarda que no informe escrito quede isto de manifesto. A presidenta da Comisión amosa tamén o seu descontento co feito de que non houbera tempo suficiente nas audiencias para facer aclaracións sobre determinadas cuestións.

A profesora Paula López Rúa concorda coa percepción da presidenta respecto do informe oral preliminar do Título de Primaria e coa súa opinión sobre algunhas das valoracións non demasiado positivas, feitas polo comité avaliador.

A coordinadora do Título de Primaria e Dobre Grao opina que a ACSUG tamén debería pasar aos Centros unha enquisa de avaliación sobre o proceso de acreditación.

A Comisión acorda que, recibidos os informes definitivos, se lle traslade á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da Universidade un escrito coa percepción da Comisión de Calidade sobre o proceso para a acreditación dos Títulos de Grao e que o dito Servizo llelo traslade tamén á ACSUG.

## 5. Rolda aberta de intervencións

O coordinador do Máster DAEN pide a palabra para informar aos membros da Comisión sobre os resultados da preinscripción do Máster DAEN para o curso 2022-2023.

Unha vez pechada a preinscripción o día 19 de xullo, houbo 70 solicitudes para as 25 prazas que oferta o Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza. A cifra máis alta de toda a serie histórica.

A convocatoria de matrícula anticipada para estranxeiros (3 prazas) se cubriu sen problema, e hai tres estudantes iberoamericanos de Arxentina, Colombia e Cuba, xa matriculados, dous mozos e unha moza. O coordinador sinala que se presentaron dez candidatos/as iberoamericanos e de China.

Na convocatoria xeral de vacantes (22 prazas) se presentaron 60 aspirantes, dos que 26 aínda están pendentes de revisión, con esta procedencia:

12 solicitudes de China
2 de Colombia
1 de Arxentina

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

1 de Cuba
1 de Brasil
4 de USC
4 de Coruña
1 de Vigo

No tocante aos estudantes xa admitidos son 34, dos que un renunciou anticipadamente. Dos restantes 33 a procedencia é a seguinte:

20 da USC
4 da Universidade da Coruña
2 da Universidade Técnica e Vocacional de Estudos Internacionaiss de Shandong (China)
1 da Universidade de Maastricht (Holanda)
1 da Universidade de Vigo
1 da Universidade Complutense de Madrid.
1 da Universidade de Cantabria
1 da Universidade de Córdoba
1 da Universidade Nacional de la Matanza (Arxentina)
1 da Universidade Nacional de San Martín (Arxentina)

Na convocatoria xeral de vacantes o 40% son estudantes da USC e o resto doutras universidades. Se salienta que dos 36 estudantes aspirantes doutras universidades 22 proceden de universidades estranxeiras, e dicir o 61,1%.

O coordinador considera especialmente relevante que esta titulación de máster está xa moi afianzada, con importantes contactos internacionais, e que pola súa singularidade tanto en España como no sur de Europa, se teña en especial consideración polas seguintes razóns estratéxicas da Facultade de Formación do Profesorado: é o único título que non comparte coa Facultade de Ciencias da Educación de Compostela polo que pode ser xestionado independentemente e ten un perfil innovador de moito futuro. O coordinador entende que o Máster Daen tamén é de interese para o Campus Terra posto que cubre moi ben a súa vertente educativa. Asemade considera que é de interese para a propia USC pois non ten outro título competitivo en ningunha universidade española e prega que, consecuentemente, se lle dea a importancia que ten as súas actividades e perfil, porque precisa cubrir gastos que habitualmente non se contemplan case noutras titulacións, pero que nesta son absolutamente necesarios como os traslados en autobús (prácticas de campo), pernoctas, fortalecer á dimensión internacional con presenza en Lugo de investigadores/as relevantes da educación ao aire libre, viaxes que permitan participar ao título en redes internacionais, etc... Contando coas dificultades de coordinar a un profesorado que pertence a 18 áreas de coñecemento distintas.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

A presidenta agradécelle ao profesor Eugenio Manuel Otero Urtaza a súa intervención. A presidenta agradece o traballo da Comisión ao longo deste tempo.

A presidenta agradece a presenza dos membros da Comisión e dá por rematada a sesión da que redacto acta como secretaria.

| | |
|---|---|
| A secretaria | Visto e prace, a presidenta |
| Marta María Poncet Souto | María Carmen Sarceda Gorgoso |

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

# INFORME DA COORDINACIÓN DE TÍTULO, CURSO 2021-2022: PRIMARIA E DOBRE GRAO
## PAULA LÓPEZ RÚA

O curso transcorreu sen incidencias salientables, á marxe dos atrancos propios da situación de excepcionalidade que obrigou impartir a docencia en quendas rotatorias no primeiro semestre, e agás a problemática dos espazos para a docencia de Educación Física xa sinalados no informe do primeiro semestre.

Agradécese ás coordinacións de Primaria e Dobre grao o labor de recollida de datos sobre a marcha dos semestres nos seus informes e a través dos delegados de curso. Adxúntanse os informes do Grao no Anexo 1 e faise a continuación unha síntese dos mesmos, así como da información do Dobre Grao incluída nos informes de Infantil.

## 1. Informes das coordinacións sobre a marcha do curso académico

**ACTIVIDADES TRANSVERSAIS, PRÁCTICAS DE CAMPO, ACTIVIDADES CON PROFESIONAIS EXTERNOS E OUTRAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E ORIENTACIÓN DO ALUMNADO:**

Infórmase a continuación das actividades rexistradas con data 7 de xuño de 2022. Os detalles da totalidade de actividades levadas a cabo durante o curso recóllense no informe de execución do Plan FORTE-FFP do curso 2021-2022.

En **Primeiro curso,** desenvolvéronse o curso básico de competencias en información da biblioteca (149 matriculados e 98 aptos entre primaria, infantil e dobre grao), e a V edición da exposición "Educación en Feminino" presentada sucesivamente na nosa Facultade, na Biblioteca Pública de Lugo, no IES Santiago Basanta Silva de Vilaba, no Conservatorio Profesional de Múscia Xoan Montes de Lugo, na Faculdade de Ciencias da Educación de Santiago, no Colexio Fingoi de Lugo e no IES Nosa Señora dos Ollos Grandes de Lugo, e vinculada á materia "Teoría e Historia da Educación Escolar". Tiveron lugar asimesmo outras actividades organizadas co alumnado da materia "Teoría e Historia da Educación Escolar" co fin de conmemorar o 25N, día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres. Por outra banda, realizáronse dúas conferencias con profesionais externos vencelladas á materia "Socioloxía da Educación", tituladas "A revolución educativa" e "Reseach Methology: Methods and Techniques in Social Science".

En **Segundo curso** levouse a cabo unha actividade de campo ("Camiñando xunt@s) vencellada ás materias "Ensino e aprendizaxe da aritmética", "Ensino e aprendizaxe das CC Experimentais I" e "Ensino e aprendizaxe das CC Sociais I" na que se recorreu un tramo do camiño francés (Barbadelo-Portomarín).

En **Terceiro curso** realizouse unha actividade de campo vinculada á materia "Ensino e aprendizaxe das CC Experimentais II", consistente nunha saída ao parque Rosalía de Castro de Lugo.

En **Cuarto curso** desenvolveuse o curso avanzado de competencias en información da biblioteca con 67 matriculados entre primaria, infantil e dobre grao, e 24 aptos, malia que hai que ter en conta que 14 alumnos (8 aptos) xa tiñan feito o curso en terceiro, polo que en total hai alomenos 75 matriculados e 32 aptos nesa promoción, xa que o curso pasado houbo dúas edicións (unha para terceiro e outra para cuarto).



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

Ademáis, durante o curso 21-22 continuou en marcha o Proxecto CompetenteS e organizouse entre o 29 de marzo e o 5 de abril un "Obradoiro de Apoderamento Lingüístico" para promover a responsabilidade na normalización social do galego como parte do ámbito competencial dos mestres e mestras. Por outra banda, **o** día 17 de marzo de 2022 tivo lugar unha charla informativa sobre as oposicións para todo o alumnado no salón de actos da Facultade (que cedeu este espazo para a súa realización), a cargo de CCOO Ensino Lugo, e o 31 de maio unha sesión informativa sobre as mencións para o alumnado de segundo. Asemade, os coordinadores de curso e título informaron puntualmente ao alumnado sobre todas aquelas convocatorias de bolsas, axudas, cursos, prácticas, e outras actividades relacionadas coa súa profesión por medio do foro de novas do Campus Virtual.

**RESULTADOS DAS ENQUISAS DE COORDINACIÓN DE CURSO FEITAS AO ALUMNADO:**

Ao remate do primeiro semestre naqueles cursos que logo tiñan Prácticum e TFG, e no mes de maio en todos os cursos, facilitouse ao alumnado a ligazón á enquisa colgada na páxina de coordinacion de cada curso no Campus Virtual. As enquisas foron cubertas, ben presencialmente nas aulas naqueles casos nos que se puido contar con algún docente que cedera uns minutos das súas sesións para facelo, ou ben pedíndolle ao alumnado que accedera ás ligazóns e as cubrise naqueles casos nos que non foi posible, rexistrándose nese caso un número de respostas considerablemente inferior e nalgúns grupos non significativo. Enviáronse mensaxes e recordatorios a través do foro do campus virtual e dos delegados/as de curso para animar ao alumnado a participar. O profesorado dos cursos foi informado dos resultados das enquisas de feito que puidese facer as observacións que estimase oportunas, e para que estas, de ser o caso, se puidesen transmitir ao alumnado se se consideraba acaído.

A continuación sintetízanse os resultados obtidos (actualizados a 7 de xuño de 2022):

**Primeiro curso**: 48 respostas en Primaria e 3 respostas no Dobre Grao
**Segundo curso**: 25 respostas en Primaria e 8 respostas no Dobre Grao
**Terceiro curso**: 9 respostas en Primaria e 4 respostas no Dobre Grao
**Cuarto curso**: primeiro semestre: 13 respostas en Primaria e 3 no Dobre Grao; segundo semestre: 20 respostas en Primaria e 2 no Dobre Grao (aumentou o número de respostas rexistradas desde que se comprobaran ao remate do primeiro e o segundo semestre xa que se lle enviou posteriormente ao alumnado un recordatorio animando a cubrir as dos dous semestres se non o tiñan feito)
**Quinto curso Dobre Grao**: primeiro semestre: 8 respostas; segundo semestre: 3 respostas

**Primeiro curso Primaria**: o alumnado está maiormente satisfeito con todos os aspectos recollidos. A opción de "bastante satisfeito" é aquela que maior porcentaxe de respostas ten en todas as preguntas, sobre todo naquelas que fan referencia a (1) solapamento nos contidos, 75%; (2) adecuación nos contidos, metodoloxía e avaliación, 75%; e (3) recursos técnicos para a docencia, 67%. A opción de "pouco satisfeito" acada xeralmente porcentaxes baixas, pero destacables nas preguntas relacionadas con (1) carga de traballo autónomo, 33%; (2) número de traballos, 25%; e (3) horarios lectivos, 23%

**Primeiro curso Dobre Grao:** os resultados non son significativos, pero a maioría dos enquisados atópanse satisfeitos con todos os ítems agás os horarios (33% pouco satisfeitos), sinalando a dispersión de horas.

**Segundo curso Primaria**: A maioría dos participantes amósanse bastante satisfeitos cos distintos ítems da enquisa. Deixaron algúns comentarios, dos que se conclúe que parte dos



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5**

participantes están pouco satisfeitos principalmente cos seguintes ítems: os horarios lectivos (60% do alumnado enquisado pouco satisfeito: sinalan horarios irregulares e dispersos; cando saen de clase ás 15 h e teñen a seguinte ás 16 h dispoñen de pouco tempo para comer), a carga de traballo (44% pouco satisfeito) e o número de traballos e prazos (40% pouco satisfeito), comentando que nalgunhas materias a carga de traballo é demasiada, con datas de entrega seguidas, a falta de coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a (48% pouco satisfeito: sinalan a datas de entrega ou pautas para realizar os traballos) e tamén destacaron a falta de docentes nalgunhas materias do 2º curso. En canto ao ítem sobre a adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas, aportaron varios comentarios sobre o incumprimento e a xestión dos contidos e do sistema de avaliación nalgunhas materias e, ainda que nestes non sinalan materias en particular, en dous comentarios especifícase que este incumprimento produciuse nas materias que quedaron sen docentes neste curso.

**Segundo curso Dobre grao**: a participación neste caso foi maior (respostou arredor do 50% do alumnado matriculado no dobre grao). En xeral os participantes están bastante satisfeitos coa maioría dos ítems. Os ítems peor valorados foron: os horarios lectivos (88% pouco satisfeito: horarios dispersos e mal organizados), número de traballos e prazos de entrega (50% pouco satisfeito: sinalan moitos traballos e algún solapamento de datas de entrega), e a carga de traballo autónomo (75% pouco satisfeito: sinalan que é elevada, e que teñen moitas materias e moitos traballos para entregar).

**Terceiro curso Primaria**: A participación do alumnado nesta enquisa é moi baixa, só 9 estudantes, polo que as respostas dadas non podemos entendelas como representativas de todo o curso. A maioría está conforme, e valora positivamente, todos os ítems. Aqueles cos que o alumnado se atopa menos satisfeito son os espazos para a docencia (particularmente para materias de Educación Física) cun 44% dos enquisados pouco satisfeitos, e os horarios lectivos (55% dos enquisados pouco satisfeitos). Rexístranse algunhas observacións en canto aos horarios e os solapamentos, os espazos de docencia das materias de Educación Física, considerandoos inapropiados, e a carga de traballo en determinadas materias. Tamén se suxire a necesidade en Primaria dunha materia obrigatoria relacionada co ensino e aprendizaxe da lecto-escritura.

**Terceiro curso Dobre Grao**: rexitrouse unha baixa participación (4 respostas). Os ítems cos que o alumnado se atopa menos satisfeito son os espazos (75% dos enquisados pouco satisfeitos), e os horarios (75% dos enquisados pouco satisfeitos).

**Cuarto curso Primaria (primeiro semestre)**: O alumnado do grao atópase en xeral satisfeito con todos os ítem, especialmente o número de alumnos nas sesións, os recursos técnicos, a coordinación entre docentes de materias compartidas, a adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes, e os posibles solapamentos de contidos. Os ítems cos que se atopa menos satisfeito son os horarios lectivos (38% pouco ou nada satisfeito, sinalando clases de mañá e tarde, horarios dispersos, pouco tempo para comer/descansar entre as 15 e 16h, ou problemas para compaxinar horarios e transportes de alumnado que reside fóra de Lugo), os espazos para a docencia (38% pouco ou nada satisfeito, con comentarios unánimes sobre a ausencia de espazos adecuados para as materias de Educación Física), e a carga de traballo (38% pouco ou nada satisfeito)



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

**Cuarto curso Dobre Grao (primeiro semestre)**: Polo que respecta ao dobre grao, a enquisa soamente foi cuberta por tres persoas, polo que os datos non se poden considerar significativos. O alumnado enquisado no dobre grao atópase pouco satisfeito cos espazos para a docencia, e rexístrase un comentario sobre horarios dispares, outro sobre problemas de comunicación entre docentes de materias compartidas, e outro sobre a existencia de materias con contidos idénticos, malia que non proporcionan datos concretos. Outro comentario refírese a ausencia de ventilación entre clases con moito alumnado.

**Cuarto curso Primaria (segundo semestre):** Polo que concerne ao alumnado de cuarto de Primaria, o 75% dos enquisados declárase bastante satisfeito coa organización, posta en marcha e realización do TFG. O alumnado que se declara pouco satisfeito comenta as poucas opcións para escoller un tema que motive ao alumnado, a necesidade dunha sesión explicativa sobre o TFG, un fallo informático na asignación de titor que non se solucionou satisfactoriamente, e un problema xurdido cunha asignación de prazas, xa que un titor aumentou fóra de prazo as prazas ofertadas e estas foron adxudicadas a alumnado con menor nota, cando había alumnado que desexaba ser titorizado por esa persoa e tiña unha nota máis alta. Asimesmo, un alumno comenta que desexaría ter coñecido con máis antelación o titor asignado. O 75% do alumnado de cuarto de Primaria declárase bastante ou moi satisfeito coa organización, posta en marcha e realización do Prácticum II. O alumnado suxire mellorar o proceso de elección de prazas. Con respecto á carga de traballo do semestre (compatibilidade do Prácticum II e o TFG), o 70% do alumnado declárase pouco ou nada satisfeito, e o 30% declárase satisfeito. Nas observacións, 9 alumnos comentan a dificultade de compaxinar as prácticas coa elaboración da memoria e o TFG.

**Cuarto curso Dobre Grao (segundo semestre):** do alumnado de cuarto do Dobre Grao únicamente se obtiveron dúas respostas, polo que os resultados non poden considerarse significativos. En calquera caso, o alumnado atópase satisfeito co número de traballos, datas e prazos de presentación, a coordinación entre docentes que comparten materias, a adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas, non detecta solapamentos de contidos, está tamén satisfeito coa organización, posta en marcha e realización do Prácticum II e coa compatibilidade do prácticum co resto das materias. Un dos alumnos enquisados declárase pouco satisfeito cos horarios lectivos por mor da coexistencia doutras materias co Prácticum.

**Quinto curso Dobre Grao (primeiro semestre):** O alumnado atópase en xeral bastante satisfeito co número de alumnos nas sesións expositivas, interactivas e titoriais, os recursos técnicos, os horarios e as coordinacións entre docentes que comparten materias. Con respecto á adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nas programacións, a metade do alumnado enquisado di estar bastante satisfeito e a outra metade declárase pouco satisfeito, pero soamente dúas persoas xustifican a súa resposta, unha delas indicando que os contidos son repetitivos e outra comentando a pouca utilidade dos mesmos para o seu labor profesional, aínda que non proporcionan datos concretos. Os ítems cos que o alumnado se atopa pouco satisfeito son os espazos (75% de alumnado pouco satisfeito: varias persoas comentan a antigüidade das instalacións e a ausencia de pavillón), a carga de traballo autónomo do semestre e o número de traballos (63% de alumnado pouco satisfeito nos dous ítems, aínda que sen detallar materias), e particularmente o solapamento de contidos entre materias con respecto a cursos anteriores (63% do alumnado pouco satisfeito e 25% do alumnado nada satisfeito, en total 88%). Seis persoas das oito enquisadas comentan que o semestre é repetitivo, e aluden ao solapamento con materias de primaria cursadas anteriormente polo que respecta a contidos, prácticas, apuntamentos ou materiais, aínda que non proporcionan datos



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5 

concretos das materias obxecto de solapamento. Porén, unha persoa si sinala en particular as materias de Ciencias Naturais e Sociais.

**Quinto curso Dobre Grao (segundo semestre):** Obtivéronse únicamente tres respostas. O alumnado amósase satisfeito coa posta en marcha, organización e desenvolvemento do TFG e do Prácticum. Dúas persoas manifestan que están satisfeitas coa carga do traballo e compatibilidade do TFG e o Prácticum e a terceira manifèstase como pouco satisfeita.

**RESULTADOS XERAIS DAS ENQUISAS:** O alumnado atópase en xeral satisfeito con todos os ítems sobre os que se lle pregunta, **e aqueles cos que se atopa menos sasisfeito son os horarios (sinalando a dispersión e a pouca marxe de tempo entre as clases da mañá e da tarde), os espazos (con mención particular aos espazos para impartir materias relacionadas coa Educación Física), e a carga de traballo e número de traballos por semestre**, destacándose o feito de que en cuarto de primaria a maioría do alumnado enquisado se atopa pouco satisfeito coa coexistencia do Prácticum II e o TFG pola dificultade para compaxinar ambas materias.

Con respecto á carga de traballos dos semestres, facilitouse aos coordinadores de curso de primaria, infantil e dobre grao unha ferramenta para recoller e compartir datos sobre a carga de traballos dos diferentes semestres de todas as titulacións (xa que unha das súas funcións e recoller e difundir entre o profesorado eses datos). A devandita ferramenta, en forma de calendarios, púxose a disposición do profesorado de cada curso e título para que puidesen introducir as datas de probas, presentacións ou entregas de traballos nas súas materias. A resposta por parte do profesorado foi desigual. Agradécese ao profesorado que participou nesta tarefa a súa colaboración, e lémbrase que a información recollida pode orientar ao resto de compañeiros que imparten materias nese mesmo semestre, e permite ter unha visión de conxunto da carga de traballos do alumnado nese periodo, un aspecto sobre o que cómpre reflexionar tanto nos informes de seguimento dos títulos como na memoria de calidade do centro.

Cómpre finalmente comentar que os baixos datos de participación nalgunhas enquisas poden interpretarse no sentido de que, en xeral, o alumnado se atopa razoablemente satisfeito, e as persoas que respostan á enquisa adoitan ser aquelas que teñen algunha queixa ou suxestión que expoñer. Agradécese que os docentes colaboren a petición das coordinacións de curso cedendo uns minutos das súas sesións para a recollida de datos porque estas enquisas proporcionan información sobre aspectos relacionados coa calidade das titulacións que precisamos analizar nos informes de seguimento/acreditación e na memoria de calidade, por exemplo a coordinación entre docentes que imparten as mesmas materias, a carga de traballos do semestre /curso, ou o solapamento de contidos entre materias.

**INCIDENCIAS, COMENTARIOS, SUXESTIÓNS, DEMANDAS OU QUEIXAS DE PROFESORADO/ALUMNADO**

**Primeiro curso:** A delegada informou dalgúns problemas nas materias "Dificultades de Aprendizaxe e Trastornos do Desenvolvemento" e "Socioloxía da Educación", relacionados con cuestións variadas tales como o temario, explicacións, resolución de dúbidas ou corrección de traballos. Dous docentes do curso destacan a deficiente fluidez comunicativa do alumnado en lingua galega, un docente comenta a necesidade de actualizar os equipos informáticos das aulas, e un docente manifesta a súa preocupación polo fraude nas



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

actividades de avaliación e pola percepción dunha baixada no esforzo, implicación e interese nas tarefas de clase por parte do alumnado.

**Segundo curso:** Os delegados de 2º curso do Grao indicaron que a falta de pavillón afectou ao desenvolvemento das clases interactivas de Educación Física no 1º semestre. De igual modo, no segundo semestre as delegadas de 2º curso do Dobre grao insistiron de novo na necesidade de ter un pavillón para a impartición adecuada das clases de Educación Física. Con respecto ao profesorado de 2º de Primaria Ed. Primaria e Dobre grao, o profesor Rubén Navarro Patón destacou a falta de instalación e solución alternativa para a materia de "Didáctica da educación física", e indicou que no 1º semestre non tiveron alternativa e tiveron que impartir as clases interactivas de Educación Física en aulas.

**Terceiro curso:** no primeiro semestre do curso, a delegada do alumnado informa dunha incidencia sobre o solapamento de horarios nas materias optativas e solicita solución para que o alumnado poda elixir as materias que lle interesan. Avisado o Vicedecano, vese a inviabilidade de cambio de horario pero si a posibilidade de que o profesorado sexa flexible coa asistencia ás sesións do alumnado afectado. Asimesmo, ao remate do primeiro semestre convócase ao alumnado a unha reunión virtual a través do "Foro de alumnado" da Aula Virtual de Coordinación e o correo electrónico institucional para a revisión da marcha do curso ata o final do primeiro semestre solicitando un informe sobre incidencias, queixas, comentarios e suxestións. O único comentario fai referencia á solicitude de non ter que realizar traballos no periodo do Prácticum I (que coincide no medio da dúas materias do primeiro semestre). Consultado o profesorado, unha docente indica que todos os traballos propostos para a materia están indicados dende principio de curso. Por parte do profesorado, a coordinadora sinala que este foi convocado a reunións virtuais nos dous semestres para comentar a marcha do curso e posibles incidencias, e das achegas recibidas extráese que o curso discorreu con normalidade.

Con respecto ao Dobre Grao, o alumnado enviou unha queixa conxunta sobre o seu calendario de exames, que consideraban inasumible pola proximidade que había entre as probas. A queixa púxose en coñecemento do Vicedecano da Facultade, quen explicou ao alumnado a imposibilidade de modificar uns horarios de exames aprobados en abril de 2021.

**Cuarto curso:** a coordinadora informa de que os semestres transcorreron con normalidade. No primeiro semestre, a coordinación de cuarto de primaria recibiu unicamente unha queixa de alumnado do curso a raíz da recuperación das clases 100% presenciais. Esta queixa manifestouse na propia aula, nunha das sesións de clase. O alumnado comentou a súa preocupación porque había sesións con grupos moi numerosos e sen ventilación adecuada nin a pausa de 15 minutos entre clases que cómpre facer para a ventilación das aulas. Este feito transmitiuse ao profesorado na Xunta de Facultade que tivo lugar ao remate do semestre, rogando que fixese o posible por cumprir cos protocolos sanitarios establecidos. Polo demáis, non se rexistraron suxestións, demandas ou queixas de profesorado/alumnado, nin incidencias salientables.

**Quinto curso do dobre grao**: a coordinadora informa de que o alumnado non elixiu representantes. Con respecto ao solapamento de contidos sinalado polo alumnado nas enquisas do primeiro semestre, a docente encargada da materia "Aprendizaxe das Ciencias da Natureza" comunicou á coordinación de título (nese momento o posto de coordinación



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

de curso estaba vacante) información aclaratoria que se trasladou ao alumnado. De xeito similar, considerouse pertinente por parte da coordinación de curso no segundo semestre informar ao alumnado (mediante mensaxe enviada a través do Campus Virtual) sobre certos aspectos comentados nas súas observacións sobre o Prácticum e o TFG nas enquisas de coordinacion de curso.

## 2. Informes de revisión dos programas 2022-2023

As diferentes coordinacións de curso procederon a emitir os seus informes de revisión (agradécese o labor desenvolvido), empregando os datos dunha ficha de comprobación deseñada ao efecto que cubriu telemáticamente o profesorado e unha plantilla xeral de revisión. Na ficha de comprobación solicitábaselle ao profesorado verificar que os diferentes apartados do programa estivesen cubertos na aplicación Xescampus e que os apartados se axustasen ao especificado na Memoria do Título. Asimesmo, recollíase calquera suxestión de cambio nas fichas das materias na Memoria. As plantillas de revisión recibidas adxúntanse no Anexo 2. Nos casos nos que as fichas non foron cubertas por diferentes razóns (entre elas, ausencia de docente asignado) informouse da incidencia para solicitar aos departamentos correspondentes copia do programa aprobado, e nos casos nos que foi posible, contactouse co profesorado responsable para comunicar a incidencia detectada e que esta se puidese solucionar. Agradécese ao profesorado a súa colaboración nesta tarefa.

En liñas xerais, os programas das materias cumpren coa normativa de programación e axústanse ao especificado nas fichas das materias na Memoria do Título. Rexistráronse soamente incidencias menores, fundamentalmente algúns desaxustes nos programas de certas materias motivados pola necesidade de actualizacións das propias fichas na Memoria, e no caso da materia de Teoloxía Católica, o docente observa que o cambio do currículo das materias de Relixión na LOMLOE vai requerir dalgunhas pequenas adaptacións nos obxectivos e nos contidos en canto se faga público o novo currículo. O profesorado achegou suxestións de cambios nos apartados de contidos e avaliación nalgunhas materias nas fichas das mesmas na MVT. Esas suxestións foron recollidas pola coordinación de título no correspondente rexistro de cambios para poder ser plantexadas en Comisión Intercentros no momento en que se aborde unha modificación da Memoria.

## 3. Informe de Renovación da Acreditación do Título e Memoria de Calidade

No segundo semestre traballouse conxuntamente coa Facultade de Ciencias da Educación para preparar os Autoinformes de Renovación da Acreditación dos Títulos de Primaria e Infantil correspondentes ao curso 2020-2021, que recollen unha análise de indicadores, accións de mellora a desenvolver, e evidencias de accións de mellora pechadas. En liñas xerais, os informes son similares aos do curso anterior, con indicadores en xeral satisfactorios polo que concerne aos distintos grupos de interese, á demanda de prazas e ás taxas de rendemento, éxito e avaliación do alumnado. Os aspectos mellorables nos que se segue a insistir corresponden a cuestións relacionadas con espazos e infraestuturas e coa situación precaria de parte do profesorado, así como a insuficiencia da plantilla docente. Os autoinformes foron aprobado polas Comisións Intercentros, de Título e de Calidade, e inclúen seccións onde se especifican as accións de mellora desenvolvidas nese curso por mor das restricións que aínda estaban vixentes derivadas do COVID-19.

Por outra banda, a coordinación do título de primaria e dobre grao colaborou tamén duante o segundo semestre coa Responsable de Calidade do Centro na elaboración da Memoria de Calidade correspondente ao curso 2020-2021.



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

Lugo, 7 de xuño de 2022



**Asdo: Paula López Rúa**
**Coordinadora do Título de Primaria e o Dobre Grao**

**ANEXO 1: INFORMES DE COORDINACIÓN DOS CURSOS 2021-2022**

**ANEXO 2: PLANTILLAS DE REVISIÓN DE PROGRAMAS CURSO 2022-2023**



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

# ANEXO 1: INFORMES DE COORDINACIÓN DOS CURSOS 2021-2022

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

**Acta da xuntanza anual de coordinación do primeiro curso do Grao en Mestre/a de Educación Primaria curso 2021/2022.**

**CONVOCATORIA**
Lugar: Facultade de Formación de Profesorado (xuntanza virtual por correo electrónico).
Data: venres 27 de maio de 2022 (convocatoria enviada o venres 27 de maio ás 15:30h).
Hora de inicio: venres 27 de maio ás 15:30h.
Hora de remate: martes 31 de maio ás 12h.

**Asisten**:
- Baña Castro, Manoel.
- Caldeiro Pedreira, Mª Carmen.
- Candia Durán, Francisco Xosé.
- Díaz Queizán, Óscar.
- Enriquez Martínez, Iván.
- Fiuza Asorey, María José.
- Garrido Filgueira, Uxía.
- Muñoz Abeledo, Luísa María.
- Muñoz Carril, Pablo César.
- Poncet Souto, Marta María.
- Rocha Álvarez, Delmiro.
- Rodríguez Abruñeiras, Paula.
- Sarceda Gorgoso, Carmen.
- Veiga Alonso, José Ramón.

**Preside a xuntanza a profesora María Campos Magdaleno coa seguinte orde do día:**
1. Informe sobre actividades transversais, prácticas de campo e prácticas desenvoltas durante o curso.
2. Informe sobre os resultados do cuestionario de coordinación do curso cuberto polo alumnado.
3. Resultados do informe emitido pola delegada sobre a marcha do curso.
4. Resumo das reunións e/ou comunicacións mantidas co alumnado e profesorado.
5. Revisión de programas das materias para o curso 2022/2023.
6. Suxestións, demandas e/ou queixas do profesorado/alumnado.
7. Rolda aberta de intervencións.
8. Aprobación da acta desta reunión.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

**Punto 1 da orde do día.**

**Informe sobre actividades transversais, prácticas de campo e prácticas desenvoltas durante o curso.**

O día 14 de decembro de 2021 enviouse un correo electrónico a todo o profesorado do primeiro curso do Grao en Mestre/a de Educación Primaria solicitando que informasen das actividades transversais, prácticas de campo, ApS, e/ou actividades con profesionais externos postas en marcha ao longo do curso. Esta petición recordouse, a través do mesmo sistema, o día 23 de maio de 2022.

Devandita información foi recollida a través do Campus Virtual, e amósanse nas seguintes táboas.

| | |
|---|---|
| Data de inicio da actividade: | 15 de Outubro de 2021 |
| Data de finalización da actividade: | 15 de Novembro de 2021 |
| Duración da Actividade: | 25h, semipresencial |
| Tipo de actividade: | Actividade transversal |
| Responsable: | Biblioteca da Facultade |
| **Nome da actividade:** | **Curso Básico de competencias en información** |
| Materia/s vinculadas: | Interdisciplinar |
| Breve Descrición: | Curso de orientación para o desenvolvemento de competencias dixitais, coñecemento dos recursos de información e servizos da BUSC, tratamento da información e elaboración e presentación de traballos académicos. |
| Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia): | Matriculáronse un total de 149 alumnos e alumnas das tres titulacións (Educación Infantil, Educación Primaria e Dobre Grao), dos cales un total de 98 resultaron aptos. |

| | |
|---|---|
| Data de inicio da actividade: | 1 de Febreiro de 2022 |
| Data de finalización da actividade: | 6 de Marzo de 2022 |
| Duración da Actividade: | Todo o curso |
| Tipo de actividade: | Proxecto de Aprendizaxe-Servizo |
| Responsable: | Francisco Xosé Candia Durán |
| **Nome da actividade:** | **Educación en feminino: un paseo pola historia** |

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

| | |
|---|---|
| Materia/s vinculadas: | Teoría e Historia da Educación Escolar |
| Breve Descrición: | Elaboración dunha colección de pósters sobre educadoras da historia, que o alumnado realiza dentro da actividade ordinaria da materia pero que, a partir da perspectiva da aprendizaxe-servizo, posteriormente se pon accesible ao gran público.<br><br>A IV colección (curso 2020-21) estivo exposta nos seguintes lugares: Facultade de Formación do Profesorado, Campus de Lugo, USC (febreiro-abril 2021), IES Rosalía de Castro, Santiago de Compostela (maio 2021), Facultade de Ciencias da Educación, Campus da Coruña, UDC (outubro-novembro 2021), Biblioteca Pública de Lugo (decembro 2021).<br><br>A colección que nestes momentos está a elaborar o alumnado (V edición, curso 2021-22) será exposta na Facultade nos meses de febreiro-marzo 2022, e despois viaxará ás entidades que nola soliciten, ás que se lles cederá gratuitamente. |
| Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia): | Incluír algún comentario sobre o desenvolvemento das actividades que xustifiquen a súa continuidade (ou non) en vindeiros cursos ou a organización de actividades similares, por exemplo, o interese da actividade para a formación do estudantado, datos de participación do mesmo, resposta /acollida da actividade por parte do estudantado, datos de enquisas de satisfacción (de habelas), incidencias detectadas, etc. En resumo, calquera valoración cualitativa ou cuantitativa que o profesorado poida aportar será benvida.<br><br>Ao ser unha iniciativa que forma parte da programación xeral e das actividades de avaliación da materia, participa nela todo o alumnado asistente habitual de THEE de 1º de Primaria e 1º de Dobre Grao. Estamos coa V edición da iniciativa e todos os anos a colección de pósters vai gañando calidade. Non se trata dunha exposición profesional senón dun traballo de alumnado de 17/18 anos; neste sentido, o achegamento que a colección favorece a figuras femininas da historia da educación inxustamente esquecidas, coido que xustifican sobradamente calquera erro ou posibilidade de mellora que os pósters puideran conter. Loxicamente falamos dun traballo que ten intencionalidade didáctica, pero tamén dun servizo público |

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

| | |
|---|---|
| | que ofrece esta Facultade, cunha clara vocación educativa e concienciadora. A idea é seguir desenvolvéndoo en vindeiros cursos, ao que nos impulsa tanto os comentarios do público que acude a visitar a exposición, como a satisfacción que manifesta o alumnado que participa na elaboración dos diferentes pósters. |

| | |
|---|---|
| Data de inicio da actividade: | 22 de Novembro de 2021 |
| Data de finalización da actividade: | 10 de Decembro de 2021 |
| Duración da Actividade: | Días anteriores e posteriores ao 25 de novembro |
| Tipo de actividade: | Outro tipo de actividade |
| Responsable: | Francisco Xosé Candia Durán |
| **Nome da actividade:** | **ACTIVIDADES ORGANIZADAS CO ALUMNADO DE THEE PARA O 25N** |
| Materia/s vinculadas: | Teoría e Historia da Educación Escolar |
| Breve Descrición: | Deseño e posta en marcha de actividades conmemorativas co gallo do 25N, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES, 2021:<br><br>1. Participar na xornada do 23/11/21 sobre "Violencia sexual na mocidade", organizada na Facultade pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galiza.<br>2. O xoves 25N vir tod@s vestid@s de negro/escuro, con adovíos violeta se é posible. Ademais poñeremos tod@s un lazo violeta nas lapelas durante todo o día.<br>3. Poñer dúas urnas para recoller vivencias sobre violencia de xénero, nos vestíbulos dos andares 0 e 2, para compoñer posteriormente un mural.<br>4. Elaborar un texto para ler antes da manifestación na cidade do xoves 25N.<br>5. Recompilar os nomes das vítimas da violencia de xénero do 2021.<br>6. Crear un hashtag sobre violencia de xénero para difundir a través das redes sociais: #adocenciacontraaviolencia.<br>7. Organizar para o 2 de decembro unha charla sobre violencia de xénero e micromachismos, a cargo de Marta Rodríguez Engroba e Juan Vidal Pardo, presidenta e |

- **A segunda actividade,** adscrita á asignatura "Aprendizaxe da lingua oral", consistiu na elaboración durante o segundo semestre, do Blog **"o noso recuncho"**, cuxo obxectivo era levar á práctica nas sesións interactivas algúns dos puntos teóricos vistos nas sesións expositivas e, á vez, poder elaborar recursos que lle poidan ser de utilidade ao noso alumnado (ou a quen consulte o blog) nun futuro. Esta mesma actividade tamén se realizou na optativa de 3º "Educación e Linguas en Galicia".

Os pasos dados para a elaboración das actividades detállanse a continuación:

1) Elaboración previa do blog en Wordpress por parte da docente da materia coa axuda da profesora Rocío García Pedreira, quen leva a cabo un blog similar co alumnado da Facultade. Neste paso previo, creáronse unha serie de categorías e elaboráronse entradas que lles servirían ao alumnado como modelos para as súas tarefas. Así, chegado o momento de publicar as súas entradas, só terían que pasar a información redactada aos apartados pertinentes, e as entradas terían todas unha aparencia similar.

2) Explicación dos contidos teóricos na sesión expositiva e repaso dos mesmos na sesión interactiva para que o alumnado que non asistira á sesión expositiva puidese entender a actividade.

3) En grupos dunhas cinco persoas, o alumnado decidía o recurso co que traballaría o punto teórico que se lles pedía. Para isto tiñan que i) comentarlle á docente que ían facer no seu recurso para asegurarse de que a idea encaixaba no que se pedía e ii) publicar unha breve descrición do mesmo nun foro habilitado no Campus Virtual para evitar así posibles solapamentos temáticos.

4) Redacción do recurso nun documento compartido.

5) Copia do recurso no blog empregando o modelo creado pola docente con anterioridade. O alumnado tiña que respectar o máximo posible o formato da entrada-modelo xa elaborada.

6) Corrección das entradas por parte da docente, deixando comentarios naquelas entradas que aínda non estaban listas para ser publicadas.

7) Revisión das entradas por parte do alumnado, incorporando os cambios solicitados pola docente.

8) Última revisión por parte da docente unha vez incorporados os cambios solicitados e publicación do recurso.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

A elaboración destes materiais foi moi satisfactoria para o alumnado, posto que podían elaborar algo que lles fose de utilidade o día de mañá á vez que levaban á práctica os contidos teóricos das clases expositivas. Ademáis, o feito de compartir o material polo blog facía que sentisen que os recursos elaborados son moi accesibles para calquera, e non se reducían a unha tarefa entregada no Campus Virtual e corrixida pola profesora.

### Terceiro de Infantil

**En canto ás actividades realizadas en 3º curso,** desenvolvéronse varias actividades, entre as que se poden destacar as seguintes:

**No 1º cuatrimestre:**

- Conferencia realizada o 18 de outubro de 2021 na materia de "Iniciación á Lectura e á Escritura" de Verónica Rúa Garrido do CEIP Antonio Carpintero sobre os prerrequisitos básicos para a adquisición da lectoescritura na etapa de Educación Infantil.

  Verónica García Garrido, pedagoga terapéutica do CEIP Antonio Carpintero (), fala nesta conferencia sobre os prerrequisitos básicos para a adquisición da lectoescritura na etapa de Educación Infantil, proporcionando unha ollada práctica dende a realidade das aulas. Esta actividade foi pensada para o alumnado da materia Iniciación á Lectura e á Escritura, pero está aberta a todo o alumnado da Facultade (sexa de xeito presencial ou telemático mediante Teams).
  A participación e valoración por parte do alumnado foi altamente satisfactoria.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5




**No 2º cuatrimestre**

- **Proxecto de ApS "petiscando libros" (31 de xaneiro ao 10 de maio).**
  A Lei da lectura, do libro e das bibliotecas (2007) recolle que, na actualidade, a lectura é concibida como unha ferramenta básica para o desenvolvemento da personalidade e

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5**

tamén como instrumento para a socialización. Por esta razón, dende os diversos ámbitos búscase a posta en práctica de accións organizadas de promoción lectora para o desenvolvemento de sociedades lectoras que utilizan a lectura como ferramenta fundamental para o exercicio da cidadanía, para o cambio social e individual.

Este proceso de promoción tamén se leva a cabo dende a escola, unha das máis importantes institucións con responsabilidade formativa sobre os máis novos. Os novos presupostos da educación literaria destacan a importancia de traballar co fin de conseguir hábitos lectores duradeiros, e de que o docente actúe como mediador de lectura; é dicir, unha ponte ou enlace vivo entre os libros e os lectores, que propicia e facilita o diálogo entre ambos. Os seus principais roles serían, polo tanto, actuar como modelo de lector, como incitador da lectura e tamén como planificador de itinerarios lectores e programación sobre a materia.

Neste sentido, preocupa especialmente a falta de hábitos lectores dos docentes en formación de etapas tan importantes como a educación infantil e primaria e a pouca consideración que, polo xeral, se lle presta a estes aspectos nos procesos formativos que os habilitan para o desenvolvemento da profesión. Así, constátase a necesidade de reflexionar sobre a responsabilidade individual do docente de achegarse á literatura infantil, movidos inicialmente polas esixencias da profesión, pero dispostos a deixarse atrapar e desenvolver así un novo modelo de mediador-lector.

En canto ao carácter innovador da experiencia, destacamos os seguintes aspectos:

O proxecto estimula a conexión entre os procesos de formación docente e a comunidade de aprendizaxe, xa que o seu principal resultado é a creación dun recurso en aberto na rede por e para docentes.

A nivel metodolóxico, aséntase sobre presupostos de aprendizaxe significativa e activa, que fan ao alumnado protagonista, mediante procesos colaborativos de lectura dialóxica.

Un dos aspectos chaves sobre o que se asenta o proxecto é a motivación do alumnado derivada da interiorización da importancia dos procesos de mediación lectora que van desenvolver no futuro, no rol que a lectura e a literatura pode xogar na mellora da sociedade e o carácter decisivo da súa actuación.

Dende un punto de vista social e cultural, a experiencia ofrece un entorno nutrido de gran variedade e diversidade de recursos literarios e libros infantís de especial interese para o trabalo nas aulas, arredor de diversas temáticas emerxentes vinculadas coa educación en valores, e con gran potencial para o desenvolvemento de obxectivos relacionados coa intelixencia e a regulación emocional.

Neste sentido, o obxectivo principal deste proxecto de ApS é ofrecer un espazo de lectura dialóxica, mediante a estratexia do club de lectura, cuxos resultados sexan postos a disposición da sociedade mediante o desenvolvemento dun blog de recomendacións literarias e propostas didácticas, realizado por e para docentes, titulado Petiscando libros.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

Incentivar o interese pola lectura e o coñecemento de obras literarias infantís con potencial para o seu traballo nas aulas de infantil dende un enfoque interdisciplinar.

Fomentar o espírito crítico e a capacidade de reflexión compartida en torno ao mundo da literatura infantil e da mediación lectora en contexto escolar.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

Coñecer a pluralidade de propostas que ofrece o mercado do libro infantil actual e saber diferenciar as súas principais características.
Desenvolver estratexias de análise crítica da literatura infantil.
Deseñar propostas educativas vinculadas cos libros infantís traballados no club de lectura en base aos contidos curriculares establecidos para a educación infantil na comunidade autónoma de Galicia (Decreto 330/2009).
Familiarizarse co proceso de creación e desenvolvemento dun blog mediante a plataforma Wordpress.
Mellorar a formación dos estudantes con respecto á educación literaria e o proceso de mediación lectora.

FASES:

1. PREPARACIÓN: a docente, previamente ao comezo das clases, encargarase do deseño e creación do blog mediante a versión gratuíta da plataforma Wordpress, incluíndo elementos visuais, categorías, etiquetas, e entradas de mostra. Por outra parte, tamén se creará un usuario e contrasinal con permisos de edición, para a súa utilización por parte do alumnado, así como video-titoriais con indicacións claras e sinxelas sobre algunhas accións básicas que o alumnado terá que levar a cabo. Finalmente, establecerá a selección de obras que se van utilizar.

2. PRESENTACIÓN: na primeira sesión de clase, presentarase o club de lectura, o blog e todos os recursos facilitados no campus virtual para a súa realización, así como un pasaporte de lectura grupal para o seguimento das lecturas, para ser cuberto con valoracións das obras lidas e cos cromos correspondentes, facilitados con cadanseu libro.

3. COMEZO E DESENVOLVEMENTO DO CLUB DE LECTURA: ao longo de 6 sesións interactivas de cada unha das dúas materias, a docente ofrecerá a selección de obras , de xeito que cada grupo de traballo conte cunha obra diferente. O tipo ou temáticas das obras de cada semana serán previamente traballados na sesión expositiva semanal correspondente, co obxectivo de ofrecer os contidos teóricos necesarios para o seu maior entendemento. As seleccións de obras traballadas xirarán en torno aos seguintes aspectos:

- Na materia de Literatura e Dramatización: álbums ilustrados de temas emerxentes, álbums ilustrados narrativos, reescrituras da tradición oral, libros-obxecto, libros-informativos.

- Na materia de Literatura e Arte: cómics/álbums sen palabras, álbums ilustrados derivado de curtas e viceversa, libros de película, libros-cd, libro de arte, biografías ilustradas.

4. COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS ENTRADAS DO BLOG: de maneira paulatina, á par da realización das sesións do club de lectura, os diversos grupos de traballo comezarán a subir as entradas. Estas serán primeiro gardadas como borradores, para que a docente poida corrixilas e facer propostas de mellora, e despois serán programadas para ser publicadas en diferentes días.

5. AVALIACIÓN:

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

- Do produto: de carácter formativa e continua, mediante as correccións feitas ás diversas entradas realizadas.

- Da experiencia:

- Grupal: a páxina final de cada pasaporte de lectura inclúe un cuestionario de valoración grupal, mediante preguntas de escala de Likert, no cal se lle pregunta sobre a percepción e valoración da actividade con respecto ao club, con respecto ao blog e outras de carácter xeral (sobre a selección de obras, o ambiente creado, o rol da docente e as entradas). Serán recollidos na expositiva final.

- Individual: nesta mesma sesión final da materia, pasarase un cuestionario individual anónimo, principalmente de preguntas de resposta múltiple, onde se pregunta ao alumnado polo seu comportamento lector, a motivación pola lectura e a percepción lectora, para identificar os hábitos lectores previos e a influencia do club de lectura sobre eles.

Con respecto á contribución do proxecto á adquisición das competencias das materias, a competencia xeral desenvolta con respecto a ambas materias é a seguinte:

G.11.- Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes.

Con respecto ás específicas, destacan as seguintes:

E.45.- Coñecer a tradición oral e o folclore
E.50. - Coñecer e utilizar adecuadamente recursos para a animación á lectura e á escritura.
E.51. - Adquirir formación literaria e en especial coñecer a literatura infantil.
E.55. - Saber utilizar o xogo como recurso didáctico, así como deseñar actividades de aprendizaxe baseadas en principios lúdicos.
E.56. - Elaborar propostas didácticas que fomenten a percepción e expresión musicais, as habilidades motrices, o debuxo e a creatividade.
E.58. - Promover a sensibilidade relativa á expresión plástica e á creación artística

A valoración da proposta é moi boa, tanto con respecto ao produto resultante (https://petiscandolibros.wordpress.com/), como á acollida e participación do alumnado.

No relativo ao club de lectura, a motivación e participación do alumnado foi medrando segundo se ían sucedendo as sesións. Así, rematou por crearse un espazo seguro, onde toda reflexión era ben acollida e se sentían libres para posicionarse ante as obras seleccionadas con liberdade, refutar ideas con respecto, compartir interpretacións e valorar a adecuación das obras para infantil, baixo que circunstancias e con que obxectivos concretos. Tamén se foron enriquecendo as propostas e ideas para a súa utilización na aula, especialmente co reforzo dos contidos teóricos traballados nas expositivas.

Con respecto ao produto resultante (o blog), as correccións e comentarios ofrecidos pola docente foron tidos en conta e, a partir deles, notouse unha evidente evolución e mellora do contido da entradas, tanto a nivel de redacción como na planificación das

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5**

actividades e a escolla dos contidos relacionados. Ademais, pódese ver un aumento do dominio na utilización de termos e conceptos teóricos que foron traballados na aula.

Ademais, moitos deles utilizaron o blog como recurso tamén na práctica, tanto no deseño de unidades e proxectos que formaban parte da avaliación final da materia, como na escolla de obras recollidas no blog para a súa lectura na aula de infantil. Neste último caso, por parte do alumnado de dobre grao que estaba de prácticas durante o mesmo período de tempo.

Por outra parte, moitos dos grupos excederon o número esixido de entradas, vinculadas coas obras presentadas en clase, e fixeron as súas propias buscas ou sentiron interese por difundir obras que eles xa coñecían ou que coñeceron durante estes meses.

- **Actividade de campo na materia de "Educación Estética", consistente na visita ao Museo provincial de Lugo (31 de Marzo de 2022).**
  - Obxectivo: achegarse ao traballo co "obxecto de museo ou xa musealizado" con posibilidades de uso como elemento pedagóxico.

  - Procedemento: a partir da selección de dúas pezas musealizadas (de diferente natureza, material, técnica, etc.) do museo que poden empregar para potenciar a observación e educación estética co alumnado de educación infantil, realízase un pequeno informe.

  -Criterios de selección de obxectos musealizados: consideración do momento evolutivo dos nenos e nenas aos que pretende dirixirse, idades, significatividade, información ofrecida na cartela...

## Cuarto de Infantil

En 4º curso, non se informou da realización de ningunha actividade no 2º cuatrimestre, mais si constan tres que se levaron a cabo no 1º cuatrimestre como:

- **Curso avanzado de competencias en información**.
- **Actividade con profesionais externos na materia de "xogo infantil" titulada "O xadrez na escola" (1 de outubro de 2021)**.

  O presidente de XAQUEDRUM, Pablo Castro Girona, presentou unha conferencia sobre o potencial formativo do xadrez na escola, centrándose no emprego de fichas e de xogos didácticos, tanto motrices como de aula, para a etapa de Educación Infantil e Educación Primaria.

  Ademais de informar sobre o proceso de implantación do Xadrez como contido curricular nos centros educativos.

  Defendeu que cando o xadrez se presenta nas aulas cunha orientación educativa, potencia no alumnado habiliades relacionadas cos procesos de aprendizaxe, entre eles:

  A resolución de problemas
  A toma de decisións e a aceptación do erro
  A capacidade crítica e autocrítica
  A empatía: pensar no que está pensando a/o rival
  A memoria inmediata

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

A atención e reflexión
A capacidade de concentración
A visión espacial
O razoamento lóxico-matemático
O pensamento creativo
A autoestima e sentido do logro.

Malia que o nivel de participación oral das alumnas non foi significativo, na valoración posterior recoñeceron a pertinencia da conferencia como proposta innovadora para as aulas e, sobre todo, valoraron os recursos presentados para o alumnado dos últimos cursos de educación infantil.

- S**aida de campo aos arredores de Lugo na asignatura "Educación en Contextos Rurais" (11 de septembro de 2021) .**
  O alumnado quedou moi satisfeito coa proposta, e ademais puido comprobar de primeira man e de maneira moi activa e distendida como se concretan na realidade diversos contidos que se presentarían nas sesións expositivas da materia das seguintes semanas. A valoración do docente tamén é moi positiva. A intención do docente da materia é repetir a actividade en cursos vindeiros se existe á posibilidade.

**1.2 RESULTADOS DAS ENQUISAS DE COORDINACIÓN DE CURSO FEITAS AO ALUMNADO:**

No primeiro semestre, distribuíronse enquisas naqueles cursos que logo tiñan Prácticum e TFG, e **no segundo semestre, concretamente no mes de maio, creáronse enquisas en liña para cada curso.**
Co fin de obter o maior número de respostas, facilitouse ao alumnado a ligazón á enquisa publicada na páxina de coordinacion de cada curso no Campus Virtual (remitíndose varias mensaxes a modo de recordatorio) e tamén se intentou contactar con algún docente para que puidese ceder algún minutos da súa clase a fin de que os estudantes puidesen cubrir as enquisas.

**Síntese dos resultados obtidos:**
Número de respostas obtidas no segundo semestre: primeiro curso infantil 76, segundo 13, terceiro 18 e cuarto 27.

***1º CURSO:***
En conxunto, os resultados amosan que os estudantes están bastante ou moi satisfeitos con aspectos como "o número de alumnos nas sesións expositivas, interactivas e titoriais", os espazos para a docencia, os recursos técnicos para a docencia, os horarios lectivos, a coordinación entre docentes, así como a adecuación a dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes.

Por outra parte, os elementos con mais marxe de mellora son o número de traballos realizados (un 23% declara estar pouco satisfeito e un 8% nada satisfeito) e a carga de traballo autónomo nas materias (un 36% indica estar pouto satisfeito e un 8% nada satisfeito).

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

***2º CURSO:***

*Según as respostas obtidas, pódese percibir que o alumnado está bastante satisfeito en todos os aspectos excepto nas cuestións relativas aos horarios lectivos e a coordinación de docentes da mesma materia, nas cales se amosan pouco satisfeitas/os.*

*O aspecto mais destacable nos seus comentarios é a necesidade de mellorar os horarios de clase, que lles imposibilita compatibilizar a súa formación académica con otras labores (laborais, de coidado, otros estudos, etc.). 12 das 13 persoas amosan o seu descontento con esta situación.*

***3º CURSO***

En xeral, o alumnado móstrase bastante satisfeito co desenvolvemento do curso. Ao analizar os nove ítems dos que consta a enquisa, atopamos que en todos eles a maioría do alumnado se mostra bastante ou moi satisfeito. As porcentaxes de valoración positiva van do 94% (recursos para a docencia) ao 61% (espazos e horarios).

***4º CURSO***

En xeral, o alumnado síntese bastante satisfeito coa marcha e organización do TFG (68%); e moi (11 respostas) ou bastante (12) coa do Practicum. Os comentarios ao respecto do TFG refírense a necesidade de organizar desde antes o traballo e a recibir máis información sobre o mesmo durante a carreira.

En canto á compatibilidade do practicum co TFG, bastante (metade das respostas) ou pouco (un cuarto) satisfeito. Os comentarios refírense maiormente a este aspecto, indican que resulta un informe moi largo para o período de prácticas, ou pouco compatible coa realización ao mesmo tempo do TFG, suxerindo elimínalo ou facer ese o corpo do TFG, unha persoa apunta a mellorar a concreción das indicacións da guía de practicum e que son diferentes ás das persoas titoras.

**1.3 INCIDENCIAS, COMENTARIOS, SUXESTIÓNS, DEMANDAS OU QUEIXAS DE PROFESORADO/ALUMNADO**

***1º Curso***

Non se recibiu ningún informe por parte da delegada de primeiro curso.

No que atinxe a comentarios dos docentes, só se recibiu un da materia 3131207 “Procesos de mellora e uso das TIC”, no que o profesorado desta asignatura informa que este ano houbo algún grupo de estudantes aos que lles custaba manter a atención e constancia nas clases e tarefas a desenvolver.

***2º curso***

A coordinadora de curso contactou por e-mail coa delegada e subdelegada de curso para solicitar achegas e valoracións do alumnado. Non se recibiron suxestións específicas por parte do alumnado, a excepción de sinalar a dificultade do examen dunha materia, así como de que algúns grupos tiñan queixa dunha docente para responder con axilidade as súas dúbidas por correo.

***3º curso***

O alumnado de 3º de Infantil non comunicou ningunha suxestión ou queixa ás súas delegadas, pero unha persoa utilizou a enquisa anónima para facer unha valoración negativa

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

de dúas materias concretas. O profesorado destas materias será debidamente informado, con copia literal dos comentarios recibidos a fin de telos en conta, se o estima oportuno, de cara ao vindeiro curso.

**4º curso**

- *Alumnado:* ademáis dos aspectos sinalados nas enquisas, indícase que o alumnado de infantil tivo unha sesión de Practicum menos na facultade ca o de Primaria.
  Compre sinalar que a coordinadora de 4º curso remitiu ao alumnado resposta detallada das súas suxestións y 11bservación (incluidas fundamentalmente a través das enquisas) para clarificar diversos aspectos, como os relativos á carga de traballo de practicum e TFG, así como a aspectos relacionados coa formación para a realización do TFG.
- *Profesorado :* Un profesor indica falta información acerca do TFG. Neste senso, compre indicar que existe un aula de coordinación do TFG no campus virtual con información detallada, así como un apartado específico na web da FFP.

## 2. Informes de Revisións dos programas 2022-23

Para levar a cabo a revisión dos programas das materias do curso 2022-23 (**ver ANEXO 2**), elaborouse unha ficha de comprobación (**VER ANEXO 3**) que o profesorado responsable ou coordinador de materia debía cubrir telemáticamente, a fin de constatar e manifestar que se cumprían con todos os parámetros requeridos e que os programas se adaptaban á correspondente memoria de verificación do Título. Asimesmo, a devandita ficha de comprobación incorporaba diversos apartados que permitían recoller as suxestións e comentarios de mellora dos docentes respecto a calquera cambio ou adaptación que, ao seu xuizo, deberían implementarse nun futuro nas fichas das materias incluidas Memoria de Verificación do Título. Estas suxestións de cambios estaban relacionadas fundamentalmente cos aspectos relativos aos contidos e avaliación e recompílanse no **ANEXO 4**.

Por outra banda, unha vez cuberta a ficha, os coordinadores de curso procederon á descarga dos resultados, analizándoos e cubrindo unha plantilla de revisión (**ver ANEXO 2**).

Nos casos nos que as fichas non foron cubertas por diferentes razóns (entre elas, “despiste” do profesorado coa data límite para cubrir a ficha de comprobación), contactouse desde a coordinación do título e tamén de curso co profesorado responsable para solicitar información respecto a se o programa das súas materias cumprían cos requisitos necesarios. Noutros casos, tamén se contactou con docentes cuxo programa incorporaba algún elemento non axustado completamente á memoria de verificación do título (por exemplo, en relación ás cuestións avaliativas). Neste sentido, contactouse co profesorado en cuestión para subsanar estas cuestións. Así pois, rexistráronse soamente incidencias menores, fundamentalmente algúns desaxustes nos programas de certas materias motivados pola necesidade de actualizacións das propias fichas na Memoria, e no caso da materia optativa de Teoloxía Católica , o docente observa que o cambio do currículo das materias de Relixión na LOMLOE vai requerir dalgunhas pequenas adaptacións nos obxectivos e nos contidos en canto se faga público o novo currículo.

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

## 3. Informe de Renovación da Acreditación do Título e Memoria de Calidade

No segundo semestre traballouse conxuntamente coa FCE-Stgo para preparar os Autoinformes de Renovación da Acreditación dos Títulos de Primaria e Infantil correspondentes ao curso 2020-2021, que recollen unha análise de indicadores, accións de mellora a desenvolver, e evidencias de accións de mellora pechadas. En liñas xerais, os informes son similares aos do curso anterior, con indicadores, en conxunto, satisfactorios polo que concerne aos distintos grupos de interese, á demanda de prazas e ás taxas de rendemento, éxito e avaliación do alumnado. Os aspectos mellorables nos que se segue a insistir corresponden a cuestións relacionadas con espazos e infraestuturas e coa situación precaria de parte do profesorado, así como a insuficiencia da plantilla docente. Os autoinformes foron aprobados polas Comisións Intercentros, de Título e de Calidade, e inclúen seccións onde se especifican as accións de mellora desenvolvidas nese curso por mor das restricións que aínda estaban vixentes derivadas do COVID-19.
Por outra banda, a coordinación do título de infantil, participou en reunións coa Responsable de Calidade do Centro e resto de membros da Comisión de Calidade, na elaboración da Memoria de Calidade correspondente ao curso 2020-2021.

Lugo a 20 de xuño de 2022



**Asdo. Pablo César Muñoz Carril**
**Coordinador do Título de Grao en Mestre/a de Educación Infantil**

**ANEXOS INCLUIDOS:**

- *ANEXO 1:* Informes de coordinación dos cursos 2021-22
- *ANEXO 2:* Revisión dos programas das materias para o curso 2022-23
- *ANEXO 3:* Ficha de comprobación de programas das materias 2022-23 e resultados.
- *ANEXO 4:* Rexistro de necesidades de axustes nas fichas das materias na Memoria Verificada do Título (MVT) con respecto aos programas das materias (curso 2022-23).

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

# ***ANEXO 1:***
Informes de coordinación dos cursos 2021-22

Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

# INFORME DE COORDINACIÓN 1º CURSO DO GRAO EN MESTRE DE EDUCACIÓN INFANTIL (L) [G3131P01] [2021/2022]

**Coordinador:** Javier Seijo Villamizar

**Curso:** 1º CURSO DO GRAO EN MESTRE DE EDUCACIÓN INFANTIL (L) [G3131P01] [2021/2022]

## Informe dos programas

**Observacións:** Consideras que se debería actualizar o sistema de avaliación na Memoria do título
O profesor Francisco Candia sinala que precisaríase axustar minimamente a ponderación das diferentes actividades de avaliación.



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5**

| 1º infantil | Criterios axeitados do programa en función da aplicación de Xescampus (todos os campos cubertos) | Atende ás diversas casuísticas da avaliación (2º oportunidade, repetidores, alumnado con dispensa) | Elimina os escenarios 2 e 3 en metodoloxía e avaliación ou no plan de continxencia | Atende ás diversas casuísticas da avaliación (2º oportunidade, repetidores, alumnado con dispensa) | Inclúe a información sobre fraude no sistema de avaliación | Os contidos do programa axústanse á Memoria de Verificación do Título |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Sociología de la Educación MARTA MARIA PONCET SOUTO | G3131101 | SI | SI | SI | SI | SI |
| Infancia, Familia y Escuela FRANCISCO XOSE CANDIA DURAN | G3131102 | Si | SI | SI | SI | SI |
| Psicología del Desarrollo (0-3 anos) CARLOS DOSIL DIAZ | G3131103 | SI | SI | SI | SI | SI |
| Teoría e Instituciones Contemporáneas de Educación Infantil EUGENIO MANUEL OTERO URTAZA | G3131104 | SI | SI | SI | SI | SI |
| Didáctica y Profesión Docente | G3131105 | SI | SI | SI | SI | SI |



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

| **1º infantil** | **Criterios axeitados do programa en función da aplicación de Xescampus (todos os campos cubertos)** | **Atende ás diversas casuísticas da avaliación (2º oportunidade, repetidores, alumnado con dispensa)** | **Elimina os escenarios 2 e 3 en metodoloxía e avaliación ou no plan de continxencia** | **Atende ás diversas casuísticas da avaliación (2º oportunidade, repetidores, alumnado con dispensa)** | **Inclúe a información sobre fraude no sistema de avaliación** | **Os contidos do programa axústanse á Memoria de Verificación do Título** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| EVA MARIA BARREIRA CERQUEIRAS | | | | | | |
| Psicología del Desarrollo (3-6 anos)<br>Carlos Dosil Díaz | G3131106 | Si | SI | SI | SI | SI |
| Psicología de la Educación<br>MARIA JOSE FIUZA ASOREY | G3131107 | SI | SI | SI | SI | SI |
| Observación y Análisis: Sujetos y Procesos Educativos<br>Mª CARMEN CALDEIRO PEDREIRA | G3131108 | SI | SI | SI | SI | Si |
| Infancia, Salud y Alimentación<br>LUCIA MOURE RODRIGUEZ | G3131109 | SI | SI | SI | SI | Si |



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

| 1º infantil | Criterios axeitados do programa en función da aplicación de Xescampus (todos os campos cubertos) | Atende ás diversas casuísticas da avaliación (2º oportunidade, repetidores, alumnado con dispensa) | Elimina os escenarios 2 e 3 en metodoloxía e avaliación ou no plan de continxencia | Atende ás diversas casuísticas da avaliación (2º oportunidade, repetidores, alumnado con dispensa) | Inclúe a información sobre fraude no sistema de avaliación | Os contidos do programa axústanse á Memoria de Verificación do Título |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Procesos de Mejora y uso de las TIC PABLO CESAR MUÑOZ CARRIL | G3131207 | SI | SI | SI | SI | Si |



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

## O informe das enquisas de coordinación de curso.

76 respostas

02:45 tiempo medio

### 1.Número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e titoriais

| Nada Satisfeito | Pouco Satisfeitoºº | Bastante Satisfeito | Moi satisfeito |
|---|---|---|---|
| 2 | 10 | 53 | 11 |

### 2.Observacións á pregunta sobre "número de alumnos/as (9 respuestas)

- Nas expositivas hai demasiada cantidade de alumnos.
- Demasiado centrado en elementos teóricos e nomes de programa que pouco ou nada aportan a como implementar as tic as aulas de educación infantil
- número de persoas nas aulas interactivas era elevado, polo feito de que os ordenadores non eran suficientes para todo o grupo.
- Número muy reducido de asistentes y participantes
- Considero que en las sesiones expositivas el número de alumnos y alumnas era escaso, y en las interactivas siempre que se podía faltar, no asistía nadie. Creo que si las clases fuera más llamativas, los alumnos/as asistirían independientemente de si ponen falta de asistencia o no.
- Considero que en las sesiones expositivas el número de alumnos y alumnas era escaso, y en las interactivas siempre que se podía faltar, no asistía nadie. Creo que si las clases fuera más llamativas, los alumnos/as asistirían independientemente de si ponen falta de asistencia o no.
- Demasiado alumnado en las clases expositivas
- Nas sesións nas que se pasaba lista si que asisitía a maioría da xente, pero nas outras a penas acudían, xa que poucos profesores conseguen que as clases sexan amenas  e prestemos atención.

### 3.Espazos para a docencia

| Nada Satisfeito | Pouco Satisfeitoºº | Bastante Satisfeito | Moi satisfeito |
|---|---|---|---|
| 2 | 5 | 60 | 9 |



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

### 4.Observacións á pregunta "Espazos para a docencia"

Las aulas son pequeñas y la organización de las mesas no permite un aprendizaje colaborativo entre todos los alumnos.
podrían estar mejor
Las aulas tienen poco espacio y las que son muy grandes dificultan la atención al profesorado ya que no se le oye bien y no se ve el material de apoyo que presentan.

### 5. Recursos técnicos para a docencia

| Nada Satisfeito | Pouco Satisfeitoºº | Bastante Satisfeito | Moi satisfeito |
|---|---|---|---|
| 2 | 9 | 59 | 6 |

### 6. Observacións á pregunta "Recursos técnicos para a docencia" (4 respostas)

Os apuntes para as sesións expositivas non seguían un orde, e era demasiado extenso.
No vi necesario este aprendizaje debido a mis conocimientos previos
Atopamos carencia de materiais.

### 7. Horarios lectivos

| Nada Satisfeito | Pouco Satisfeitoºº | Bastante Satisfeito | Moi satisfeito |
|---|---|---|---|
| 3 | 14 | 45 | 14 |

### 8. Observacións á pregunta "horarios lectivos" (7 respostas)

Algunas clases están muy separadas de otras lo que los que vivimos a distancia nos resulta incomodo.
Considero que los horarios son bastante desordenados.
Horas desperdigadas
horas bastante separadas
Están un poco descompensadas las horas en lo que respecta a tener una clase a primera hora de la mañana y después otra a última de la tarde.
horas moi soltas e pouco organizadas tendo moitas horas mortas
Os horarios das clases sábense con antelación pero non serven de nada se non se coñecen os grupos aos que vai pertencer cada alumn@, xa que dependendo do apelido estes varían bastante. Polo tanto, é importante e imprescindíbel coñecer os horarios e os grupos con bastante anterioridaade, pois ademais de estudar, moit@s de nós tamén traballamos e necesitamos compaxinar ambas cousas.



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5**

**9.Carga de traballo autónomo das materias cursadas**

| Nada Satisfeito | Pouco Satisfeitoºº | Bastante Satisfeito | Moi satisfeito |
|---|---|---|---|
| 6 | 27 | 40 | 3 |

**10. Observacións á pregunta "carga de traballo autónomo das materias cursadas" (13 respostas)**
A segunda práctica é a única que semella interesante para o labor docente sendo a primeira e o proxecto audiovisual carga de traballo que non aporta máis que un libro de texto
A carga de traballo nas sesións interactivas é moi elevada, en canto ás esixencias que se piden.
Se trataron de actividades que requerían mucha implicación y que conllevaron a una elevada carga de trabajo.Por otro lado, creo que fueron muy pesados en comparación con otras materias.
Deberían repartirse mellor os traballos e exposicións das distintas materias, xa que moitas veces non hai tempo físico para adicarlle todo o tempo que quereriamos, ou nos gustaría.
A carga de traballo nalgunha materia pareceume excesiva
Considero que hay docentes que creen que solo existe su materia y por tanto, envían bastantes trabajos.
Vímonos moi sobrepasadas coa carga de traballo na asignatura de mellora do uso das TIC, comunicóuselle ao coordinador da materia mediante a delegada de curso e non estivo disposto a reducila.

**11. Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación**

| Nada Satisfeito | Pouco Satisfeitoºº | Bastante Satisfeito | Moi satisfeito |
|---|---|---|---|
| 6 | 23 | 42 | 5 |

**12. Observacións á pregunta "número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación" (15 respostas)**
Mala organización y poco flexibilidad de ciertos docentes (no todos)
Básicamente lo mismo expuesto en la anterior pregunta.
Se tuvo mucha carga de trabajo en algunas materias y en otras los trabajos no fueron explicados con la claridad necesaria de cómo se debían hacer hasta pasada la fecha de entrega de los mismos.
Nalgunhas materias eran excesivos e, numerosas veces, innecesarios.
moito traballo e pouco tempo para realizalo
En algunha materia considero que os traballos tiñan demasiado peso e levaban demasiado traballo polo que creo que nalgunhas asignaturas con facer solo o examen ou os traballos chegaba.
Nalgunhas materias o traballo era excesivo.
Na asignatura de TIC elabóranse demasiados traballos e con pouco marxe de realización.



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5**

**13. Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a**

| Nada Satisfeito | Pouco Satisfeitoºº | Bastante Satisfeito | Moi satisfeito |
|---|---|---|---|
| 1 | 10 | 54 | 11 |

**14. Observacións á pregunta "coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a"**

Quizás en las interactivas bien, pero en la expositiva considero que iba demasiado rápido a la hora de explicar el temario, y eso hace también que uno se pierda en las explicaciones y pierda el interés.
Muchas de las asignaturas no nos preparan para estar en un aula
En exámenes preoficiales no se siguió la materia dada en clase y presenteen los apuntes, aparece
En xeral, as materias son relevantes e interesantes para a nosa profesión, aínda que as atopamos pouco adaptadas a infantil (a maioría estano a primaria). E, comcretamente, a materia de TIC atopámola moi fóra de lugar: as demais poden adaptarse pero a teoría que de dita materia é insostible.

**15.Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes**

| Nada Satisfeito | Pouco Satisfeitoºº | Bastante Satisfeito | Moi satisfeito |
|---|---|---|---|
| 3 | 11 | 57 | 5 |

**16. Observacións á pregunta "adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes" (6 respostas)**

Falta de coordinación en muchas asignaturas a pesar de compartir departamento
Algunas materias tienen una cantidad desproporcionada de contenido.
Non entre as materias do grao, se non con respecto ao ciclo superior. Todas as persoas que somos técnicas superiores de educación infantil coincidimos en que neste ano non aprendemos absolutamente nada novo.

**17. Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a**

| Nada Satisfeito | Pouco Satisfeitoºº | Bastante Satisfeito | Moi satisfeito |
|---|---|---|---|
| 3 | 13 | 52 | 8 |



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5**

**18. Observacións á pregunta "solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a" (6 respotas)**
Solápanse bastante
Os solapamentos entre os traballos das diferentes materias son sempre numerables.
Falta de coordinación en muchas asignaturas a pesar de compartir departamento
Algunas materias tienen una cantidad desproporcionada de contenido.
Non entre as materias do grao, se non con respecto ao ciclo superior. Todas as persoas que somos técnicas superiores de educación infantil coincidimos en que neste ano non aprendemos absolutamente nada novo.

**19. OBSERVACIÓNS XERAIS**
En resumo, estou bastante satisfeita en todo o relacionado coa Universidade xa que considero que se leva unha organización bastante boa.
Penso que para esta materia se exige demasiado tempo de dedicación, privando un pouco a repartición do tempo para dedicarlle a outras materias
Moi descontenta en xeral.
Considero que os docentes deben de darlle unha volta a súa forma de impartir as clases, xa que non consiguen que o alumnado nos enganchemos, e sobre todo neste grado, considero que o que nos ensinas os docentes tamén o deben de aplicar eles, sobre todo ter en conta quen traballa e quen non, porque logo nas calificacións non se ve recompensado.

## Informe delegados/as de curso referentes a cómo se desenvolveu este segundo curso.

Non se recibe informe

## Suxestións, demandas e/ou queixas do profesorado /alumnado

**Asignatura 3131207. Procesos de mellora e uso das TIC**
*Profesora Mari Carmen Caldeiro*
La docencia de la asignatura 3131207 en las **sesiones expositivas** ha trascendido sin inconvenientes reseñables. Únicamente hay que indicar que el grupo expositivo es bastante numeroso y la atención no siempre ha sido la adecuada, tal vez, entre otros motivos, pueda atribuírsele a este.
La participación activa ha sido regular solo en el caso de una pequeña parte del grupo, aspecto que se constata en el control de la misma (entrega de pequeñas actividades realizadas en clase). Por su parte, hay una parte importante de estudiantes que han realizado tareas voluntarias demostrando gran capacidad de trabajo y cumplimiento de plazos.
*Profesores Pablo C. Muñoz y Alba Souto*
Las **clases interactivas** han transcurrido sin incidencias reseñables.
Este curso se ha llevado a cabo en colaboración con otras materias de la titulación un proyecto de Aprendizaje-Servicio (ApS) sobre creación de videocuentos y cuentos interactivos que le ha resultado especialmente interesante al alumnado, por lo que de



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5**

cara al próximo curso es posible que se vuelva a replicar y mejorar el mencionado proyecto de ApS.
Por otra parte, hemos detectado que a un grupo de estudiantes les costaba mantener el interés, la atención y la constancia requerida para la realización de las prácticas y proyectos de la materia, lo que ha tenido su repercusión en los resultados académicos obtenidos en la evaluación continua. De cara al próximo curso se procurarán diseñar sesiones de seguimiento en el aula para minimizar los efectos de este tipo de situaciones.

## Datos de actividades transversais

| | |
|---|---|
| Data de inicio da actividade: | 8 de Novembro de 2021 |
| Data de finalización da actividade: | 8 de Novembro de 2021 |
| Duración da Actividade: | hora e media |
| Tipo de actividade: | Actividade con profesionais externos |
| Responsable: | Marta Poncet Souto |
| Nome da actividade: | Falamos de educación infantil con... |
| Materia/s vinculadas: | Socioloxía da Educación |
| Breve Descrición: | Visita dunha profesional externa (técnica en Educación Infantil) para falar de educación infantil 0-3 e máis concretamente da influencias das familias e da contorna. |
| Valoración da actividade (utilidade,participación do alumnado, eficacia): | Asistiron uns 80 alumnos/as de primeiro curso do Grao en Mestre/a de Educación Infantil.<br><br>O día 20 de decembro na sesión de avaliación xeral da materia, pregúntaselle ao alumnado se estaría ou non de acordo en volvera repetir a charla o vindeiro curso 22-23, e a resposta maioritaria foi afirmativa.<br><br>Despois da charla abríuse unha rolda de intervencións na que participou con interese un número significativo de alumnado. A avaliación cualitativa da charla vai quedar reflectida nos seus respectivos informes de curso da materia que deberán entregar ao final do presente semestre. |

---

| | |
|---|---|
| Data de inicio da actividade: | 11 de Outubro de 2021 |
| Data de finalización da actividade: | 11 de Outubro de 2021 |
| Duración da Actividade: | hora e media |
| Tipo de actividade: | Outro tipo de actividade |



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5**

| | |
|---|---|
| Responsable: | Marta Poncet Souto |
| Nome da actividade: | Falamos de educación infantil con... |
| Materia/s vinculadas: | Socioloxía da Educación |
| Breve Descrición: | Visita dunha alumna da Facultade do Grao en Mestre de Educación Infantil e técnica en Educación Infantil, para compartir cos seus compañeiros/a de primeiro curso as súas experiencias e aprendizaxes durante as Prácticas no Ciclo de Educación Infantil na Asociación Educativa de Lugo "Nenea Medrar Creando". |
| | Asistiron uns 85 alumnos/as de primeiro curso do Grao en Mestre/a de Educación Infantil.<br><br>O día 20 de decembro na sesión de avaliación xeral da materia, pregúntaselle ao alumnado se estaría ou non de acordo en volvera repetir a charla o vindeiro curso 22-23, e de forma unánime respostaron que si. |
- **“Educación en feminino: un paseo pola historia”.** Exposición dos pósters sobre educadoras da historia, realizados polo alumnado da materia “Teoría e Historia da Educación Escolar”. A V colección (elaborada polo alumnado do curso 2021-22) estivo exposta nos seguinte lugares: Facultade de Formación do Profesorado (8 febreiro – 2 marzo 2022), Biblioteca Pública de Lugo (do 4 ao 21 de marzo), IES Santiago Basanta Silva, Vilalba (do 22 de marzo ao 8 de abril), Conservatorio Profesional de Música Xoan Montes, Lugo (do 8 ao 21 de abril), Facultade de Ciencias da Educación, Campus de Santiago de Compostela (do 22 de abril ao 13 de maio), Centro Privado Colexio Fingoi, Lugo (do 19 de maio ao 6 de xuño), IES Nosa Señora dos Ollos Grandes, Lugo (do 8 ao 17 de xuño). Esta actividade, na que se implicou todo o alumnado da materia, dalle ao alumnado a oportunidade de traballar sobre a base dos coñecementos adquiridos nela, recollendo e tratando información para a súa divulgación. Por outra banda, contribúe a poñer en valor o traballo desenvolvido por mulleres educadoras ao longo da historia. O traballo desenvolvido ten, polo tanto, intencionalidade didáctica, sendo ao mesmo tempo un servizo público que ofrece esta Facultade, cunha clara vocación educativa e concienciadora. A idea é seguir desenvolvéndoo en vindeiros cursos, tendo en conta tanto os comentarios do público que acude a visitar a exposición, como a satisfacción que manifesta o alumnado que participa na elaboración dos diferentes pósters. O éxito da iniciativa, que celebrou este curso a súa quinta edición, e o interese que desperta fóra da Facultade, apuntan á conveniencia de continuar promovendo o seu desenvolvemento.



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

- Nos días anteriores e posteriores ao 25 de novembro de 2021 desenvolvéronse asimesmo outras **actividades organizadas co alumnado da materia "Teoría e Historia da Educación Escolar" co fin de conmemorar o 25N**, día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres. As actividades lístanse a continuación:

    1. Participar na xornada do 23/11/21 sobre "Violencia sexual na mocidade", organizada na Facultade pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galiza.
    2. O xoves 25N vir tod@s vestid@s de negro/escuro, con adovíos violeta se é posible. Ademais poñeremos tod@s un lazo violeta nas lapelas durante todo o día.
    3. Poñer dúas urnas para recoller vivencias sobre violencia de xénero, nos vestíbulos dos andares 0 e 2, para compoñer posteriormente un mural.
    4. Elaborar un texto para ler antes da manifestación na cidade do xoves 25N.
    5. Recompilar os nomes das vítimas da violencia de xénero do 2021.
    6. Crear un hashtag sobre violencia de xénero para difundir a través das redes sociais: #adocenciacontraaviolencia.
    7. Organizar para o 2 de decembro unha charla sobre violencia de xénero e micromachismos, a cargo de Marta Rodríguez Engroba e Juan Vidal Pardo, presidenta e avogado respectivamente de SI, HAI SAÍDA, asociación contra a violencia de xénero en Lugo.
    8. Elaborar un gran mural para os corredores da Facultade, sobre violencia de xénero.
    9. Elaborar unha pancarta para a manifestación do 25N sobre violencia de xénero e educación.

    A valoración das actividades é moi positiva porque todas elas foron iniciativa do estudantado, e co-organizadas con el. Ademais as accións tiveron certa visibilidade pública. Implicáronse unhas 40 persoas do total de alumnado de 1º de Primaria e 1º de Dobre Grao. Puido facerse este ano porque había un grupo de alumnas especialmente activo e sensibilizado con esta cuestión, e aínda que a intención do docente é repetir no futuro, teñen que darse as circunstancias adecuadas para poder facelo. O que está claro é que a violencia de xénero está entre nós: os testemuños recollidos con esta iniciativa dan conta de terribles experiencias vividas no pasado próximo por parte de mulleres que forman parte da comunidade universitaria desta Facultade, polo que é imprescindible traballar activamente o tema, e máis tendo en conta a orientación educacional da actividade das nosas titulacións. Desde a Comisión do Título apóiase a iniciativa e recoméndase a súa continuidade.

- **"A Revolución educativa" (16 de Decembro de 2021).** Conferencia a cargo de profesional externo (Irene Romo Poderós) vencellada á materia "Socioloxía da Educación". Na conferencia abordáronse temas de interese para o alumnado vencellados á súa futura profesión, tales como a perspectiva histórica do cambio socioeducativo no estado español, achegas e prácticas do feito educativo, o pensamento de educadoras revolucionarias como Antía Cal, María Montessori e Rosa Sensat, ou achegas pedagóxicas e problemáticas prácticas da actividade docente. O alumnado mostrouse moi receptivo e participativo cara á actividade, manifestando o seu interese por conferencias sobre violencia de xénero, asociacións educativas, e experiencias innovadoras -poñendo como exemplo a serie emitida de TVE "Maneras de Educar". Participou todo o alumnado do grupo expositivo da materia.

- **"Research Methodology: Methods and Techniques in Social Science" (6 Outubro 2021).** Conferencia a cargo de profesional externo (Yazan Taher Abd Alwali Shawabkeh) vencellada á materia "Socioloxía da Educación". A actividade realizouse de xeito bilingüe (inglés-castelán) e centrouse na aproximación práctica á metodoloxía de investigación con



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

cuestionarios e enquisas. Participou nesta actividade todo o alumnado do grupo expositivo da materia, e amosouse interesado e receptivo.

### Segundo de Primaria

- **“Camiñando xunt@s” (5 abril 2022).** Actividade de campo interdisciplinar, vencellada ás materias Ensinanza e Aprendizaxe da Aritmética, Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais I, e Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Sociais I. Realizouse un tramo do Camiño de Santiago (Camiño Francés, Barbadelo-Portomarín). O interese da actividade radica na súa intención de amosar a potencialidade da contorna próxima para desenvolver aprendizaxes en contexto de maneira interdisciplinaria. Abordouse o percorrido dende unha óptica matemática facendo paradas en lugares distinguidos para interpretalos en clave socio-científica. Na actividade participou prácticamente todo o alumnado de 2º curso. Considérase de interese formativo como modelo para promover a importancia de integrar este tipo de actividades, que destacan como motivadoras polo seu carácter lúdico e recreativo, e permiten pór en marcha tanto a actividade física como a actividade mental, xa que as tarefas que se poidan propoñer requiren movemento e traballo fóra da aula, ademais de coñecementos das áreas específicas que se queiran integrar. Os obxectivos que se perseguen son:
    - Observar e valorar a contorna como un medio
        - xeográfico e histórico
        - social, cultural e artístico
        - natural, físico e matemático.
    - Recoñecer como estratexia didáctica para desenvolver aspectos cognitivos a que ilustra coa propia práctica, que require percibir, sentir, facer e reflexionar.
    - Utilizar esta actividade como recurso para a aprendizaxe de distintas materias.
    - Promover o respecto e coidado cara as contornas naturais, en definitiva, cara o medio.
    - Desenvolver hábitos de traballo colaborativo.

O alumnado manifesta interese nesta actividade, aínda que nalgún caso só sexa polo seu carácter diferencial e lúdico. Non se realizaron enquisas de satisfacción, pero si se ten constatado, nas conclusión de traballos académicos de materias de didácticas aplicadas relacionados coa análise e deseño de propostas docentes, a demanda deste tipo de actividades interdisciplinarias en contexto. A valoración xeral da actividade é positiva, polo que a vontade do profesorado implicado ata o momento é continuar desenvolvéndoa e ampliar o seu aproveitamento nas materias ampliando a relación de actividades. Porén, a continuidade da actividade dependerá da posibilidade de financiamento (a Facultade custeou os gastos con cargo ás Axudas para a mellora da docencia) e da disposición do profesorado responsable das materias implicadas.

### Terceiro de Primaria

- **“Saída ao parque Rosalía de Castro (Lugo)” (21-22 setembro 2021).** Actividade de campo vencellada á materia “Ensino e aprendizaxe das Ciencias Experimentais II”. Saída para observación de especies vexetais, recollida de mostras e determinación das mesmas, que serán procesadas posteriormente para elaborar material didáctico para a aula. Tamén se solicita ao alumnado que faga unha reflexión sobre as saídas de campo como recurso didáctico para realizar a conexión entre o coñecemento da aula e o da realidade, para



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

deseñar tarefas contextualizadas, para desenvolver o traballo cooperativo e o papel activo do alumnado na aprendizaxe. Esta actividade ten vinculación con outras tarefas da materia polo que a participación foi moi elevada: aproximadamente 95 alumnos e alumnas dun total de 107 estudantes matriculados. Non se realizaron enquisas de satisfacción, pero tanto na valoración oral da materia, na derradeira sesión de clase, como nas reflexións do portafolio da materia, o alumnado fai fincapé da necesidade deste tipo de actividades prácticas para repensar a súa actividade como futuros docentes. Ademáis, as actividades ao aire libre sempre, pero especialmente en tempos de pandemia, poden favorecer o interese e a motivación do alumnado por participar nelas.

**Cuarto de Primaria**

Neste curso non consta a realización actividades transversais, prácticas de campo e/ou actividades con profesionais externos.

**Primeiro de Infantil**

Leváronse a cabo un total de 6 actividades:

- Catro actividades desenvolvéronse no 1º cuadrimestre e comprendían **varias actividades con profesionais externos na asignatura de "Socioloxía da Educación"**.
- No segundo cuadrimestre implementáronse **2 proxectos de Aprendizaxe-Servizo**, un na asignatura de "psicoloxía da educación", titulado: **"Mejorando los recreos con una mirada inclusiva"** e outro titulado "**Desenvolvemento da educación emocional na infancia a través da creación de contos interactivos e audiovisuais",** no que participaron varias asignaturas, tanto da FFP como da FCE (concretamente, Procesos de mellora e uso das TIC (Lugo e Santiago); Observación e Análise: Suxeitos e Procesos Educativos (Lugo e Santiago); Organización e Xestión do Centro Escolar (Santiago)). A valoración de ambos proxectos foi, en liñas xerais, moi positiva e motivadora para o alumnado.

**Segundo de Infantil**

En segundo curso desenvolvéronse 2 actividades:

- A primeira, titulada **"¿Para qué queremos saber más sobre Lingüística? Los trastornos del lenguaje en las aulas de Educación Infantil ", e desenvolvida o 31 de marzo de 2022**, consistiu na impartición a finais de marzo de 3 sesións na materia "Aprendizaxe da Lingua Oral", realizadas por David Navarro Ciurana, bolseiro FPU da Universitat de València.
  As profesoras da materia fixeron unha valoración moi positiva da conferencia posto que o conferenciante estivo en todo momento buscando a intervención do alumnado. A realización de preguntas específicas sobre as gravacións permitiu observar a capacidade de análise lingüística do alumnado despois de ter superado os tres primeiros temas da materia. As persoas que responderon ao conferenciante foron quen de diferenciar trastornos fonéticos de trastornos fonolóxicos, observar as similitudes entre as holofrases infantís e o estilo telegráfico adulto, destacar o uso de recursos de comunicación non verbal para suplir as dificultades léxicas e gramaticais, etc. A asistencia era obrigatoria e, salvo casos excepcionais, asistiu todo o alumnado matriculado.

- A segunda actividade, adscrita á asignatura **"Aprendizaxe da lingua oral", consistiu na elaboración durante o segundo semestre, do Blog "O noso recuncho"**, cuxo obxectivo era levar á práctica nas sesións interactivas algúns dos puntos teóricos vistos nas sesións



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

expositivas e, á vez, poder elaborar recursos que lle poidan ser de utilidade ao noso alumnado (ou a quen consulte o blog) nun futuro. Esta mesma actividade tamén se realizou na optativa de 3º “Educación e Linguas en Galicia”.

Os pasos dados para a elaboración das actividades detállanse a continuación:

1) Elaboración previa do blog en Wordpress por parte da docente da materia coa axuda da profesora Rocío García Pedreira, quen leva a cabo un blog similar co alumnado da Facultade. Neste paso previo, creáronse unha serie de categorías e elaboráronse entradas que lles servirían ao alumnado como modelos para as súas tarefas. Así, chegado o momento de publicar as súas entradas, só terían que pasar a información redactada aos apartados pertinentes, e as entradas terían todas unha aparencia similar.

2) Explicación dos contidos teóricos na sesión expositiva e repaso dos mesmos na sesión interactiva para que o alumnado que non asistira á sesión expositiva puidese entender a actividade.

3) En grupos dunhas cinco persoas, o alumnado decidía o recurso co que traballaría o punto teórico que se lles pedía. Para isto tiñan que i) comentarlle á docente que ían facer no seu recurso para asegurarse de que a idea encaixaba no que se pedía e ii) publicar unha breve descrición do mesmo nun foro habilitado no Campus Virtual para evitar así posibles solapamentos temáticos.

4) Redacción do recurso nun documento compartido.

5) Copia do recurso no blog empregando o modelo creado pola docente con anterioridade. O alumnado tiña que respectar o máximo posible o formato da entrada-modelo xa elaborada.

6) Corrección das entradas por parte da docente, deixando comentarios naquelas entradas que aínda non estaban listas para ser publicadas.

7) Revisión das entradas por parte do alumnado, incorporando os cambios solicitados pola docente.

8) Última revisión por parte da docente unha vez incorporados os cambios solicitados e publicación do recurso.

A elaboración destes materiais foi moi satisfactoria para o alumnado, posto que podían elaborar algo que lles fose de utilidade o día de mañá á vez que levaban á práctica os contidos teóricos das clases expositivas. Ademáis, o feito de compartir o material polo blog facía que sentisen que os recursos elaborados son moi accesibles para calquera, e non se reducían a unha tarefa entregada no Campus Virtual e corrixida pola profesora.

**Terceiro de Infantil**

Primeiro cuadrimestre:

- **Conferencia realizada o 18 de outubro de 2021 na materia de “Iniciación á Lectura e á Escritura”** de Verónica Rúa Garrido do CEIP Antonio Carpintero sobre os prerrequisitos básicos para a adquisición da lectoescritura na etapa de Educación Infantil.

Verónica García Garrido, pedagoga terapéutica do CEIP Antonio Carpintero (), fala nesta conferencia sobre os prerrequisitos básicos para a adquisición da lectoescritura na etapa de



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5 

Educación Infantil, proporcionando unha ollada práctica dende a realidade das aulas. Esta actividade foi pensada para o alumnado da materia Iniciación á Lectura e á Escritura, pero está aberta a todo o alumnado da Facultade (sexa de xeito presencial ou telemático mediante Teams).
A participación e valoración por parte do alumnado foi altamente satisfactoria.






Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

Segundo cuadrimestre:

- **Proxecto de ApS "Petiscando libros" (31 de xaneiro ao 10 de maio).**
  A Lei da lectura, do libro e das bibliotecas (2007) recolle que, na actualidade, a lectura é concibida como unha ferramenta básica para o desenvolvemento da personalidade e tamén como instrumento para a socialización. Por esta razón, dende os diversos ámbitos búscase a posta en práctica de accións organizadas de promoción lectora para o desenvolvemento de sociedades lectoras que utilizan a lectura como ferramenta fundamental para o exercicio da cidadanía, para o cambio social e individual.

  Este proceso de promoción tamén se leva a cabo dende a escola, unha das máis importantes institucións con responsabilidade formativa sobre os máis novos. Os novos presupostos da educación literaria destacan a importancia de traballar co fin de conseguir hábitos lectores duradeiros, e de que o docente actúe como mediador de lectura; é dicir, unha ponte ou enlace vivo entre os libros e os lectores, que propicia e facilita o diálogo entre ambos. Os seus principais roles serían, polo tanto, actuar como modelo de lector, como incitador da lectura e tamén como planificador de itinerarios lectores e programación sobre a materia.

  Neste sentido, preocupa especialmente a falta de hábitos lectores dos docentes en formación de etapas tan importantes como a educación infantil e primaria e a pouca consideración que, polo xeral, se lle presta a estes aspectos nos procesos formativos que os habilitan para o desenvolvemento da profesión. Así, constátase a necesidade de reflexionar sobre a responsabilidade individual do docente de achegarse á literatura infantil, movidos inicialmente polas esixencias da profesión, pero dispostos a deixarse atrapar e desenvolver así un novo modelo de mediador-lector.

  En canto ao carácter innovador da experiencia, destacamos os seguintes aspectos:

  - proxecto estimula a conexión entre os procesos de formación docente e a comunidade de aprendizaxe, xa que o seu principal resultado é a creación dun recurso en aberto na rede por e para docentes.
  - A nivel metodolóxico, aséntase sobre presupostos de aprendizaxe significativa e activa, que fan ao alumnado protagonista, mediante procesos colaborativos de lectura dialóxica.
  - Un dos aspectos chaves sobre o que se asenta o proxecto é a motivación do alumnado derivada da interiorización da importancia dos procesos de mediación lectora que van desenvolver no futuro, no rol que a lectura e a literatura pode xogar na mellora da sociedade e o carácter decisivo da súa actuación.
  - Dende un punto de vista social e cultural, a experiencia ofrece un entorno nutrido de gran variedade e diversidade de recursos literarios e libros infantís de especial interese para o trabalo nas aulas, arredor de diversas temáticas emerxentes vinculadas coa educación en valores, e con gran potencial para o desenvolvemento de obxectivos relacionados coa intelixencia e a regulación emocional.

  Neste sentido, o obxectivo principal deste proxecto de ApS é ofrecer un espazo de lectura dialóxica, mediante a estratexia do club de lectura, cuxos resultados sexan postos a disposición da sociedade mediante o desenvolvemento dun blog de recomendacións literarias e propostas didácticas, realizado por e para docentes, titulado Petiscando libros.



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Incentivar o interese pola lectura e o coñecemento de obras literarias infantís con potencial para o seu traballo nas aulas de infantil dende un enfoque interdisciplinar.
- Fomentar o espírito crítico e a capacidade de reflexión compartida en torno ao mundo da literatura infantil e da mediación lectora en contexto escolar.
- Coñecer a pluralidade de propostas que ofrece o mercado do libro infantil actual e saber diferenciar as súas principais características.
- Desenvolver estratexias de análise crítica da literatura infantil.
- Deseñar propostas educativas vinculadas cos libros infantís traballados no club de lectura en base aos contidos curriculares establecidos para a educación infantil na comunidade autónoma de Galicia (Decreto 330/2009).
- Familiarizarse co proceso de creación e desenvolvemento dun blog mediante a plataforma Wordpress.
- Mellorar a formación dos estudantes con respecto á educación literaria e o proceso de mediación lectora.

FASES:

1. PREPARACIÓN: a docente, previamente ao comezo das clases, encargarase do deseño e creación do blog mediante a versión gratuíta da plataforma Wordpress, incluíndo elementos visuais, categorías, etiquetas, e entradas de mostra. Por outra parte, tamén se creará un usuario e contrasinal con permisos de edición, para a súa utilización por parte do alumnado, así como video-titoriais con indicacións claras e sinxelas sobre algunhas accións básicas que o alumnado terá que levar a cabo. Finalmente, establecerá a selección de obras que se van utilizar.

2. PRESENTACIÓN: na primeira sesión de clase, presentarase o club de lectura, o blog e todos os recursos facilitados no campus virtual para a súa realización, así como un pasaporte de lectura grupal para o seguimento das lecturas, para ser cuberto con valoracións das obras lidas e cos cromos correspondentes, facilitados con cadanseu libro.

3. COMEZO E DESENVOLVEMENTO DO CLUB DE LECTURA: ao longo de 6 sesións interactivas de cada unha das dúas materias, a docente ofrecerá a selección de obras , de xeito que cada grupo de traballo conte cunha obra diferente. O tipo ou temáticas das obras de cada semana serán previamente traballados na sesión expositiva semanal correspondente, co obxectivo de ofrecer os contidos teóricos necesarios para o seu maior entendemento. As seleccións de obras traballadas xirarán en torno aos seguintes aspectos:

- Na materia de Literatura e Dramatización: álbums ilustrados de temas emerxentes, álbums ilustrados narrativos, reescrituras da tradición oral, libros-obxecto, libros-informativos.

- Na materia de Literatura e Arte: cómics/álbums sen palabras, álbums ilustrados derivado de curtas e viceversa, libros de película, libros-cd, libro de arte, biografías ilustradas.

4. COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS ENTRADAS DO BLOG: de maneira paulatina, á par da realización das sesións do club de lectura, os diversos grupos de traballo



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5 

comezarán a subir as entradas. Estas serán primeiro gardadas como borradores, para que a docente poida corrixilas e facer propostas de mellora, e despois serán programadas para ser publicadas en diferentes días.

5. AVALIACIÓN:

- Do produto: de carácter formativa e continua, mediante as correccións feitas ás diversas entradas realizadas.

- Da experiencia:

- Grupal: a páxina final de cada pasaporte de lectura inclúe un cuestionario de valoración grupal, mediante preguntas de escala de Likert, no cal se lle pregunta sobre a percepción e valoración da actividade con respecto ao club, con respecto ao blog e outras de carácter xeral (sobre a selección de obras, o ambiente creado, o rol da docente e as entradas). Serán recollidos na expositiva final.

- Individual: nesta mesma sesión final da materia, pasarase un cuestionario individual anónimo, principalmente de preguntas de resposta múltiple, onde se pregunta ao alumnado polo seu comportamento lector, a motivación pola lectura e a percepción lectora, para identificar os hábitos lectores previos e a influencia do club de lectura sobre eles.

Con respecto á contribución do proxecto á adquisición das competencias das materias, a competencia xeral desenvolta con respecto a ambas materias é a seguinte:

G.11.- Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes.

Con respecto ás específicas, destacan as seguintes:

E.45.- Coñecer a tradición oral e o folclore
E.50. - Coñecer e utilizar adecuadamente recursos para a animación á lectura e á escritura.
E.51. - Adquirir formación literaria e en especial coñecer a literatura infantil.
E.55. - Saber utilizar o xogo como recurso didáctico, así como deseñar actividades de aprendizaxe baseadas en principios lúdicos.
E.56. - Elaborar propostas didácticas que fomenten a percepción e expresión musicais, as habilidades motrices, o debuxo e a creatividade.
E.58. - Promover a sensibilidade relativa á expresión plástica e á creación artística

A valoración da proposta é moi boa, tanto con respecto ao produto resultante (https://petiscandolibros.wordpress.com/), como á acollida e participación do alumnado.

No relativo ao club de lectura, a motivación e participación do alumnado foi medrando segundo se ían sucedendo as sesións. Así, rematou por crearse un espazo seguro, onde toda reflexión era ben acollida e se sentían libres para posicionarse ante as obras seleccionadas con liberdade, refutar ideas con respecto, compartir interpretacións e valorar a adecuación das obras para infantil, baixo que circunstancias e con que obxectivos concretos. Tamén se foron enriquecendo as propostas e ideas para a súa



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

utilización na aula, especialmente co reforzo dos contidos teóricos traballados nas expositivas.

Con respecto ao produto resultante (o blog), as correccións e comentarios ofrecidos pola docente foron tidos en conta e, a partir deles, notouse unha evidente evolución e mellora do contido da entradas, tanto a nivel de redacción como na planificación das actividades e a escolla dos contidos relacionados. Ademais, pódese ver un aumento do dominio na utilización de termos e conceptos teóricos que foron traballados na aula.

Ademais, moitos deles utilizaron o blog como recurso tamén na práctica, tanto no deseño de unidades e proxectos que formaban parte da avaliación final da materia, como na escolla de obras recollidas no blog para a súa lectura na aula de infantil. Neste último caso, por parte do alumnado de dobre grao que estaba de prácticas durante o mesmo período de tempo.

Por outra parte, moitos dos grupos excederon o número esixido de entradas, vinculadas coas obras presentadas en clase, e fixeron as súas propias buscas ou sentiron interese por difundir obras que eles xa coñecían ou que coñeceron durante estes meses.

- **Actividade de campo na materia de "Educación Estética", consistente na visita ao Museo provincial de Lugo (31 de Marzo de 2022).**
  - Obxectivo: achegarse ao traballo co "obxecto de museo ou xa musealizado" con posibilidades de uso como elemento pedagóxico.

  - Procedemento: a partir da selección de dúas pezas musealizadas (de diferente natureza, material, técnica, etc.) do museo que poden empregar para potenciar a observación e educación estética co alumnado de educación infantil, realízase un pequeno informe.

  -Criterios de selección de obxectos musealizados: consideración do momento evolutivo dos nenos e nenas aos que pretende dirixirse, idades, significatividade, información ofrecida na cartela...

## Cuarto de Infantil

En 4º curso, non se informou da realización de ningunha actividade no 2º cuadrimestre, mais si constan dúas que se levaron a cabo no 1º cuadrimestre:

- **Actividade con profesionais externos na materia de "xogo infantil" titulada "O xadrez na escola" (1 de outubro de 2021).**

  O presidente de XAQUEDRUM, Pablo Castro Girona, presentou unha conferencia sobre o potencial formativo do xadrez na escola, centrándose no emprego de fichas e de xogos didácticos, tanto motrices como de aula, para a etapa de Educación Infantil e Educación Primaria.

  Ademais de informar sobre o proceso de implantación do Xadrez como contido curricular nos centros educativos.

  Defendeu que cando o xadrez se presenta nas aulas cunha orientación educativa, potencia no alumnado habiliades relacionadas cos procesos de aprendizaxe, entre eles:



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5 

A resolución de problemas
A toma de decisións e a aceptación do erro
A capacidade crítica e autocrítica
A empatía: pensar no que está pensando a/o rival
A memoria inmediata
A atención e reflexión
A capacidade de concentración
A visión espacial
O razoamento lóxico-matemático
O pensamento creativo
A autoestima e sentido do logro.

Malia que o nivel de participación oral das alumnas non foi significativo, na valoración posterior recoñeceron a pertinencia da conferencia como proposta innovadora para as aulas e, sobre todo, valoraron os recursos presentados para o alumnado dos últimos cursos de educación infantil.

- **Saida de campo aos arredores de Lugo na asignatura "Educación en Contextos Rurais" (11 de septembro de 2021) .**
  O alumnado quedou moi satisfeito coa proposta, e ademais puido comprobar de primeira man e de maneira moi activa e distendida como se concretan na realidade diversos contidos que se presentarían nas sesións expositivas da materia das seguintes semanas. A valoración do docente tamén é moi positiva. A intención do docente da materia é repetir a actividade en cursos vindeiros se existe á posibilidade.

**Todos os cursos das titulacións**

Na Facultade desenvolvéronse durante o curso 2021-2022 outros eventos transversais de interese para a formación do alumnado. Cómpre destacar a **exposición "Historia y Cultura del Pueblo Gitano"** que tivo lugar desde o día 4 ao 18 de marzo na planta baixa do centro, onde se exhibiron paneis relativos a esta temática e a súa relación co eido docente. A Facultade colaborou neste evento, que organizaron a Asociación de Enseñantes con Gitanos e a Asociación de Promoción de Integración Gitana de Lugo.

A valoración xeral das actividades desenvolvidas dentro da liña 3 é positiva. Trátase de actividades útiles, que contan en conxunto cun alto grao de implicación do alumnado e que complementan a formación recibida na aula. Por outra banda, o propio alumnado manifesta a necesidade deste tipo de actividades, que despertan o seu interese, os motivan e promoven a reflexión sobre a práctica docente. Resulta, polo tanto, moi aconsellable continuar fomentando iniciativas nesta liña, mantendo e, de ser posible, ampliando as actividades que se realizan.

## LIÑA 4: ACTIVIDADES

### 4.1. CURSO DE COMPETENCIAS INFORMACIONAIS (NIVEL BÁSICO: PRIMEIRO CURSO; NIVEL AVANZADO: CUARTO CURSO)

A Biblioteca da Facultade organiza e imparte dous cursos de competencias en información, un de nivel básico para o alumnado de primeiro de primaria, infantil e dobre grao, e outro de nivel



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

avanzado para o alumnado de cuarto de primaria, infantil e dobre grao. Estes cursos contribúen ao desenvolvemento de competencias transversais do alumnado polo que respecta á busca e citación de información e á realización de traballos académicos, e son especialmente útiles para a realización do TFG. Entre os seus obxectivos destacan:

- Recoñecer a importancia das competencias dixitais e xestionar o tempo de estudo.
- Coñecer os recursos de información e servizos da BUSC e recursos TIC da USC.
- Coñecer, buscar e avaliar fontes de información e recursos.
- Axudar na realización dun TFG mediante o uso de metodoloxía científica e o uso ético da información.
- Comprender a propiedade intelectual.

A información sobre a posta en marcha dos cursos publicitouse por medio do Campus Virtual, con mensaxes e un video explicativo elaborado dende a Biblioteca. O curso básico de primeiro desenvolveuse no primeiro semestre (outubro-novembro 2021) e contou cun bo dato de matrícula (149 matriculados e 98 aptos entre primaria, infantil e dobre grao). O curso avanzado desenvolveuse tamén no primeiro semestre (novembro-decembro 2021) pero cunha cifra máis baixa de matriculados e aptos (67 matriculados entre primaria, infantil e dobre grao, e 24 aptos, malia que hai que ter en conta que 14 alumnos (8 aptos) xa tiñan feito o curso en terceiro, polo que en total hai alomenos 75 matriculados e 32 aptos nesa promoción, xa que o curso pasado houbo dúas edicións (unha para terceiro e outra para cuarto).

Con respecto á diferencia nos datos de matrícula entre os cursos, cómpre ter en conta que o alumnado xa recibe unha formación básica importante no curso que ten lugar en primeiro, e ademáis conta co asesoramento do profesorado titor do TFG e tamén coa información e recursos complementarios que proporcionan outros servizos da universidade, tales como a Biblioteca Universitaria ou o Servizo de Normalización Lingüística. Por outra banda, por cuestións organizativas tamén relacionadas coa pandemia, non foi posible que o director da Biblioteca presentase de xeito presencial os cursos ao alumnado, polo que se recorreu aos vídeos introductorios. Ambas razóns puideron tamén influir na baixa participación.

Tendo en conta a súa importancia para orientar e formar ao alumnado na realización de traballos académicos, e polo tanto para a súa formación en competencias transversais, proponse manter estas accións formativas.

## 4.2 PROXECTO COMPETENTES (TODOS OS CURSOS)

No curso 2019-20 púxose en marcha este proxecto trala súa pilotaxe no curso 2016-17. O Proxecto CompetenteS persegue promover o bilingüismo nos Graos e Mestre/a de Educación Infantil e Primaria, desenvolvendo e avaliando as competencias lingüísticas do alumnado en lingua galega e castelá nas diferenes materias adscritas ao programa. Trátase polo tanto dunha iniciativa interdisciplinar que contribúe á formación do alumnado en canto a competencias transversais. O proxecto continúa a ter unha boa acollida e implicación por parte do profesorado, contando no curso 21-22 con 18 materias de formación básica, obrigatorias e optativas adscritas impartidas no Grao de Infantil (2 con perfil de castelán, unha bilingüe e o resto de galego), 20 en Primaria (2 con perfil de castelán, unha bilingüe e o resto de galego) e 30 no Dobre Grao (3 con perfil de castelán, unha bilingüe e o resto de galego).



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

A iniciativa e a súa continuidade están plenamente xustificadas tendo en conta as actuais competencias lingüísticas do noso alumnado cando ingresa na Facultade (escoita comprensiva, lectura comprensiva, escrita e oralidade): en xeral, tanto a nivel oral e escrito, pode considerarse moi mellorable a expresión tanto en galego como en castelán, pero nos últimos cursos vense detectando por parte do profesorado unha merma moi significativa da competencia de expresión oral en galego, que se pon de manifesto cunha porcentaxe cada ano máis alta de alumnado que non é capaz verdadeiramente de comunicarse oralmente en galego con fluidez. Na Comisión de Normalización Lingüística abordouse o tema deste descenso na competencia do galego falado, que ademais corroboran os informes, estremadamente preocupantes, que tanto a RAG como o Consello da Cultura Galega publicaron no 2021 sobre a lingua galega e a mocidade galega da actualidade.

## 4.3. OBRADOIRO DE APODERAMENTO LINGÜÍSTICO (TODOS OS CURSOS)

A Comisión de Normalización Lingüística da facultade, co apoio do Servizo de Normalización Lingüística, organizou o 29 de marzo e o 5 de abril o "Obradoiro de apoderamento lingüístico" co obxectivo principal de promover a **responsabilidade na normalización social do galego como parte do ámbito competencial dos mestres e mestras.** Neste obradoiro, de dúas sesións teórico-prácticas, introdúcense algunhas chaves para a comprensión do actual escenario de conflito lingüístico, apoiándose na experiencia individual e colectiva na procura de novas iniciativas coas que reforzar o galego no e a través do ensino. Os obxectivos son:

- Afondar na comprensión do contexto lingüístico actual en Galicia.
- Reflexionar sobre a problemática lingüística galega como parte do ámbito competencial do ensino.
- Coñecer metodoloxías de intervención socio-lingüística.
- Deseñar intervencións desde o ensino para a normalización lingüística e a activación de falantes.

O obradoiro foi impartido de xeito presencial por Andrea Rico Rega, educadora social, pedagoga, experta en facilitación de grupos, e socia de “Rexenerando S. Coop Galega”. Recoñécese cun diploma acreditativo de 6 horas presenciais. Máis información na ligazón: https://www.usc.gal/gl/servizos/snl/dinamizacion/apoderamento.html

Considérase unha iniciativa de interese, na medida en que fornece competencias centrais e tamén transversais dos títulos, especialmente de carácter lingüístico, polo que se recomenda a súa continuidade se as circunstancias o permiten.

## 4.4. CURSO DE HABILIDADES COMUNICATIVAS (CUARTO CURSO /TODOS OS CURSOS)

No segundo semestre do curso, o Servizo de Normalización Lingüística oferta a segunda convocatoria desta actividade formativa que está estruturada en tres módulos, os cales abordan a redacción científica, falar en público e como desenvolver presentacións dixitais eficientes (a primeira convocatoria desenvólvese no primeiro semestre, nos meses de setembro a novembro, e a segunda entre febreiro e abril).

Os módulos poden cursarse de xeito independente. Cada un deles consta de 25 horas e será recoñecido con 1 ECTS por competencias transversais (lingua) para todas as titulacións. No



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

curso 2021-22 impartíronse por medio de teledocencia na plataforma corporativa Teams. As coordinacións de título informaron ao alumnado de todos os cursos desta iniciativa, dado o interese destes módulos para a formación do alumnado na defensa de traballos académicos, especialmente no seu derradeiro curso.

A publicidade deste tipo de iniciativas desenvolvidas por distintos servizos da USC considérase importante para animar ao alumnado a perfeccionar as súas competencias transversais, polo que se recomenda a súa continuidade.

## 4.5. CURSOS DE FORMACIÓN EN LINGUAS: CLM E OUTROS

Ao inicio do curso 2021-2022, o alumnado foi informado dende as coordinacións de título a través do foro de novas do Campus Virtual das actividades desenvolvidas polo Centro de Linguas Modernas da USC, que organiza cursos de linguas e exames de certificación de nivel, ambos útiles, entre outras cuestións, para mellorar o perfil profesional do alumnado, desenvolver competencias transversais (coñecemento de linguas estranxeiras) e ter acceso a programas de mobilidade participando en estadías Erasmus en centros que teñen convenios coa Facultade. Tendo en conta isto, considérase oportuno continuar proporcionando información ao alumnado sobre este tipo de actividades.

Asimesmo, en febreiro de 2022 o alumnado das titulacións foi informado desde as coordinacións de título pola mesma canle da publicación da resolución do 26 de xaneiro de 2022, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncia, con carácter voluntario e gratuíto, a convocatoria de cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4. Os cursos ofértanse tanto en modalidade presencial como en liña.



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5

Este informe, elaborado polas Coordinacións dos títulos cos datos aportados por membros das súas respectivas Comisións de Título, será obxecto de análise por parte da Comisión de Calidade, que revisará e valorará a eficacia do Plan e concretará, de habelas, as accións de mellora pertinentes, as cales figurarán no Plan de Melloras da Memoria de Calidade do curso 2021-2022. Para a proposta de accións deberanse ter en conta as incidencias presentadas polos diferentes grupos de interese a través do proceso *PS-05 Xestión de incidencias (SQR)*, os resultados das enquisas de satisfacción que recollan cuestións relativas a este proceso, e as recomendacións emanadas do ciclo VSMA das titulacións (verificación, seguimento, modificación, acreditación) que teñan que ver con este eido.

Lugo, 17 de xuño de 2022



**Paula López Rúa**
**Coordinadora do Título de Grao en Mestre/a de Ed. Primaria**



**Pablo César Muñoz Carril**
**Coordinador do Título de Grao en Mestre/a de Ed. Infantil**



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at: https://sede.usc.es/csv/DEB9-8CDD-47C4-BAE5
Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page
**CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5**

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

# Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO,** DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 17/11/2022 16:12:51.

**Asinante/Firmante/Signer: MARTA MARIA PONCET SOUTO,** SECRETARIO A DA FACULTADE DE FORM DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 17/11/2022 13:07:59.

**CSV: DEB9-8CDD-47C4-BAE5**